

ÍÑIGO ORTIZ DE URBINA GIMENO \_Profesor de Dereito Penal e Criminoloxía\_Universitat Pompeu Fabra  
JULI PONCE SOLÉ \_Profesor Titular de Dereito Administrativo\_Universitat de Barcelona\_[113-149]

# Dereito urbanístico e prevención da delincuencia



**&** *Resumo/Abstract: O urbanismo e o dereito urbanístico desempeñan un papel importante no mantemento da seguridade pública e a prevención do delito. Nas páxinas que seguen preténdese realizar unha primeira incursión nun tema amplo e complexo. En primeiro lugar, ofrécese un repaso dos desenvolvementos teóricos procedentes de diversas disciplinas que conflúen no tratamento da materia. En segundo lugar, descríbense os instrumentos que, provenientes das distintas formulacións teóricas, foron adoptados na implantación práctica da prevención ambiental do delito. En terceiro lugar, estúdase a incidencia que esta cuestión está a ter en ordenamentos xurídicos e políticas públicas de países e institucións supranacionais da nosa contorna. Finalmente, concentrarémonos na análise do tema desde a óptica do dereito e da elaboración de políticas públicas no marco do ordenamento xurídico español.&*

**&** *Palabras clave: delincuencia, prevención, urbanismo, dereito, cidade*



«Luego están, no los olvidemos, los lugares del miedo, los espacios que le hacen sentir vulnerable. Son muchos, algunos visitados a diario, otros evitados hasta que no queda más remedio que atravesarlos, siempre con una cierta tensión en el cuerpo, como preparados para un ataque inminente. [...].

Poco a poco el miedo va extendiendo su dominio por la ciudad, con preferencia por los espacios públicos. Raramente se retira de algún terreno conquistado, y a cambio va ganando otros que incorporar a sus propiedades. Más bien somos nosotros los que nos retiramos, los que cedemos, abandonamos un espacio que queda a merced del miedo. A veces nos resistimos, damos batalla, soportamos el desasosiego para no perder un espacio propio, aunque acabaremos rindiendo la plaza, no volveremos a pisar esa zona del parque cuando oscurezca, evitaremos esos barrios, no pasearemos por las afueras tan alegremente, cogeremos un taxi en vez del metro a partir de cierta hora. Los mismos espacios que hoy son del miedo eran antes los espacios del juego, el territorio infantil y adolescente, el lugar del escondite, del refugio, de los primeros besos y caricias, de los actos ocultos a los ojos de los adultos.»

Isaac ROSA, *El país del miedo*, Seix Barral, 2008.



## 1. INTRODUCCIÓN

O urbanismo e o dereito urbanístico desempeñan un papel importante no mantemento da seguridade pública e a prevención do delito. A análise desta conexión, que supón un importante esforzo de interdisciplinaridade e que está moi desenvolvida noutros países, en España atópase, non obstante, nun estado moi embrionario. Nas páxinas que seguen preténdese realizar unha primeira incursión nun tema amplo e complexo, mostrando tanto a teoría como a praxe deste modelo preventivo e as dificultades que pode ter á hora de ser posto en marcha no noso país.

Con este fin, o estudo estrutúrase como segue. En primeiro lugar, ofrécese un breve repaso dos desenvolvementos teóricos procedentes de diversas disciplinas que conflúen no tratamento da materia (aptdo. 1), centrándose naqueles que proceden da teoría urbanística (1.1) e mais a criminoloxía (1.2). En segundo lugar, descríbense os instrumentos que, provenientes das distintas formulacións teóricas, foron adoptados na implantación práctica da prevención ambiental do delito (aptdo. 2). En terceiro lugar, estúdase a incidencia que esta cuestión está a ter en ordenamentos xurídicos e políticas públicas de países e institucións supranacionais da nosa contorna (aptdo. 3) a través da análise dunha experiencia supranacional (a da UE, aptdo. 3.1) e dúas experiencias nacionais (Holanda e o Reino Unido, aptos. 3.2 e 3.3, respectivamente). Finalmente, concentrarémonos na análise do tema desde a óptica do dereito e da elaboración de políticas públicas no marco do ordenamento xurídico español (aptdo. 4).

Antes de principiarmos coa análise, cómpre poñer de manifesto unha omisión: neste artigo non trataremos directamente a cuestión do medo ao delito, aínda que haberá referencias puntuais ao tema. Este funciona como unha variable esencial na política criminal contemporánea e é unha realidade susceptible e necesitada dun estudo independente do estudo do propio delito<sup>1</sup>. A omisión da súa análise específica neste texto non obedece ao descoñecemento destes extremos, senón ao convencemento de que nun texto exploratorio convén a súa separación analítica.

## 2. FUNDAMENTOS TEÓRICOS DA PREVENCIÓN DO DELITO A TRAVÉS DO DESEÑO AMBIENTAL

A socioloxía, a bioloxía, a psicoloxía, o dereito, a antropoloxía, a economía, a xeografía e a ciencia política; todas estas disciplinas se contan entre aquelas que fixeron achegas ao estudo dun fenómeno social tan complexo como é a delincuencia e que converxeron na criminoloxía. Esta interdisciplinariedade non se reduce ao campo explicativo, senón que tamén se dá noutro dos obxectivos da criminoloxía: servir de guía na prevención do delito<sup>2</sup>. Neste sentido, a asunción da importancia do contorno e a planificación urbana na prevención do delito ofrece un elocuente exemplo de como a efectiva interdisciplinaridade da criminoloxía lle permite asumir os coñecementos e desenvolvementos existentes noutras disciplinas, mesmo os daquelas que, a primeira vista, parecen ofrecer poucos puntos de contacto, como é o caso do urbanismo. Aínda que a relación entre contorno físico e delito foi obxecto de estudo por parte doutras disciplinas, neste apartado centrarémonos no seu desenvolvemento no urbanismo e na teoría criminolóxica<sup>3</sup>.

## 2.1. Urbanismo e prevención do delito

O feito de poñer en relación o urbanismo coa prevención do delito non é unha novidade, polo menos desde o punto de vista práctico. Existen relevantes exemplos históricos da utilización do urbanismo como instrumento de prevención de alteracións da orde pública, no sentido clásico do termo<sup>4</sup>. Entre eles atópanse as coñecidas operacións de reforma interior de París impulsadas polo barón Haussman, designado prefecto do Sena por Napoleón III en 1853. A súa obra desenvolveuse mediante a derriba dos barrios antigos e degradados, acompañada da apertura de grandes bulevares e outras melloras urbanas coa finalidade, entre outras, de destruír o refuxio dos insurxentes revolucionarios e favorecer a acción das forzas de seguridade contra os insurrectos<sup>5</sup>. A partir dos anos sesenta do século pasado a cuestión había ser obxecto dun desenvolvemento teórico e práctico sen precedentes.

En 1961 a urbanista Jane Jacobs publicou a súa famosa obra *The Death and Life of Great American Cities (A morte e a vida de grandes cidades estadounidenses)*. Segundo a súa propia descrición, tratábase dunha crítica «contra os principios e obxectivos que deron forma á ortodoxia actual en planificación e renovación urbana» (1961: 13). En opinión desta autora, os proxectos de renovación urbana da súa época podían parecer funcionais en teoría, pero na práctica non o eran, e se esa distancia non fora advertida, iso debíase á absoluta falta de estudo do funcionamento real das grandes cidades<sup>6</sup>. Entre os extremos estudados por Jacobs atópase a relación entre o contorno urbano e o delito. En concreto, a autora citada argumentou que a alta densidade e o uso mixto (vivenda-traballo) que caracteriza boa parte dos barrios das cidades, lonxe de ser un foco de atracción do delito —tal e como se viña argumentando na época—, funciona como un elemento preventivo. E así sería, dado que o tal uso mixto incrementa o número de persoas que, quer desde a rúa, quer desde o seu local ou a súa vivenda, observan o que ocorre nos seus arredores, constituíndose, segundo a coñecida metáfora da propia Jacobs, nos «ollos da rúa<sup>7</sup>». Para iso, aínda así, cómpre que se dean dous requisitos (Jacobs, 1961: 44-46): debe haber unha clara delimitación entre o espazo público e o privado e «ten que haber ollos que observen a rúa, os ollos dos que podemos chamar os seus propietarios naturais» (Jacobs, 1961: 45). O que implica, por exemplo, que as fiestras dos edificios deban orientarse cara á rúa e non cara ao interior, ou que resulte moi conveniente que haxa xente na rúa a maior parte do tempo, xa que iso non só incrementa o número de observadores na propia rúa, senón tamén os daqueles que observan desde os edificios; á xente gústalle máis mirar o que fai outra xente que ollar unha rúa baleira.

O libro de Jacobs non profundaba moito máis na súa análise da relación entre o delito e o contorno urbano, pero supuxo o inicio dun renovado interese pola materia que foi máis alá da noción de «vixilancia natural» (aquela levada a cabo polos cidadáns de xeito espontáneo). O impulso definitivo a esta liña de investigación tivo lugar en 1972, coa publicación do libro *Defensible Space (Espazo defendible)* do arquitecto Oscar Newman. Neste comparábanse as taxas de delito de miles de rúas en centos de barrios (case todos eles compostos de vivendas de protección pública) e relacionábanse coas características do seu deseño, efectuándose propostas concretas encamiñadas a minimizar o risco de delitos.

A investigación de Newman non supuxo un referendo das teses de Jacobs. De feito, case se podería afirmar o contrario. No seu libro, Newman criticou expresamente as «hipóteses sen apoio» de Jacobs e doutros autores sobre a oportunidade do uso mixto, afirmando que este reducía o sentimento de pertenza e incrementaba a incidencia do delito (Newman,

1972: 112). Así mesmo, tivo moito tento en puntualizar que os beneficios da «vixilancia natural» non emanan automaticamente da alta densidade, senón que é preciso que os suxeitos sintan que o espazo observado cae, dalgunha maneira, dentro da súa «esfera de influencia» (Newman, 1972: 79). Como se pode ver, para Newman, boa parte das dificultades tiñan que ver coa falta de sentimento de pertenza que os cidadáns experimentan fronte ao espazo público. Para resolver este problema propuxo a subdivisión, real ou simbólica —mediante sinais, valos, plantas, cambio de cor do pavimento, etc.—, de boa parte do espazo público e a asignación deste a persoas ou pequenos grupos concretos, co obxectivo de incrementar o seu sentimento de propiedade e fomentar o seu comportamento territorial. Deste xeito, os devanditos lugares habíanse converter nun «espazo defendible», un termo co que se popularizou a súa teoría e que Newman definiu da seguinte forma (1972: 3): «Espazo defendible é unha expresión que se refire a todos os mecanismos (barreiras reais e simbólicas, áreas de influencia fortemente demarcadas e mellores posibilidades de vixilancia) que se combinan para poñer un contorno baixo o control dos seus residentes».

As diferenzas fundamentais entre as formulacións de Jacobs e de Newman pódense ilustrar mediante o exemplo da idea de territorialidade. Jacobs, do mesmo xeito que Newman, tamén subliñaba a necesidade de delimitar os espazos públicos e os privados. A diferenza está máis ben na finalidade pretendida: namentres que a intención de Jacobs era que a tal delimitación incentivase aos cidadáns cara ao coidado común do espazo público e á convivencia, Newman móstrase claramente a prol da conversión de parte das zonas públicas en espazo privado ou semiprivado, entendendo que, en caso contrario, o tal espazo non será defendido. Esta contraposición non é senón un exemplo da que se veu producindo entre dúas formas de entender a prevención do delito por medio da planificación e o deseño urbanístico, que atopan as súas raíces nas concepcións dos autores citados: o «novo urbanismo» (*New Urbanism*), baseado primordialmente nas ideas de Jacobs<sup>8</sup>, e o movemento coñecido como «prevención do delito a través do deseño ambiental», máis influído polas ideas de Newman<sup>9</sup>. Expresado de forma moi xeral, namentres que os primeiros insisten nun deseño «aberto», con rúas altamente interconectadas que inviten ao uso por parte do público en xeral, os segundos pronúncianse en favor de deseños máis defensivos, que lles fagan sentir aos non locais a súa condición de estraños e nos que exista un bo número de rúas cortadas que impidan o tráfico en tránsito e entorpezan a fuxida en caso de se producir un delito<sup>10</sup>.

Nun primeiro momento, durante os anos setenta e oitenta, pareceu impoñerse o enfoque máis similar ás propostas de Newman. Con todo, a investigación empírica acabaría demostrando que as previsións iniciais sobre o alcance de tal perspectiva eran demasiado optimistas.

O exemplo máis coñecido de exceso de celo na aplicación dos principios enunciados por Newman probablemente sexa o da xeógrafa Alice Coleman. A principios dos anos oitenta, Coleman dirixiu un grupo que copiou e estendeu as investigacións de Newman por zonas urbanas e suburbanas de Inglaterra. Os resultados, que se presentan simulando un xuízo contra os conxuntos de vivenda pública (Coleman, 1985), confirmaban a práctica totalidade das conclusións de Newman. O traballo tivo un poderoso impacto en certos círculos políticos (cóntase que Margaret Thatcher era unha entusiasta), e en 1989 o Goberno británico dedicou 43 millóns de libras a financiar un dos máis famosos experimentos sociais controlados. Baixo o nome *DICE* (*Design Improvement Controlled Experiment*), o experimento consistiu en aplicarlles as ideas de Coleman a cinco conxuntos de vivenda pública en Londres; posteriormente, contratouse a Price Waterhouse para avaliar os resultados. No seu estudo, a empresa

citada concluíu que as reformas conseguían unha mellora nas condicións de habitabilidade, aínda que non da magnitude prognosticada por Coleman, e que estas melloras non compensaban os gastos realizados. Por exemplo, tocante á suposta redución do delito, esta só tivo lugar en dúas das cinco localizacións e foi máis ben leve<sup>11</sup>.

A apreciación das limitacións do enfoque fixo que entre os seus partidarios se producise unha gradual apertura cara ás variables sociais, que culminou no que desde finais dos anos noventa se deu en chamar «2.ª xeración de CPTED» (Saville e Cleveland, 1997). A idea básica é simple: mesmo aceptando a totalidade das propostas preventivas mediante o deseño ambiental, está claro que este non pode funcionar, ou non o pode facer de forma axeitada, sen a participación dos cidadáns<sup>12</sup>. É irrelevante que sexa fisicamente posible ver ao delincente, se unha vez que é detectado ninguén está disposto a intervir, ben sexa chamando a atención sobre o que está a ocorrer, ben sexa avisando á policía ou de calquera outra forma. Ha suceder practicamente o mesmo se non se está disposto a denunciar ou a declarar como testemuña do que se viu (Cozens, Saville e Hillier, 2005: 342). Tomando prestada a expresión acuñada por Merry (1981), a existencia dun espazo defendible non implica a dun espazo efectivamente defendido, e o salto dunha a outra situación depende, en boa parte, de variables que superan o deseño físico do contorno e a súa influencia directa sobre a conduta dos suxeitos.

## 2.2. O contorno físico na criminoloxía

Na teoría criminolóxica, a relación entre contorno físico e delincuencia recibiu atención principalmente por parte da Escola de Chicago (xa desde os anos trinta do século pasado) e das perspectivas teóricas que alimentan a estratexia preventiva denominada «prevención situacional do crime», que son a teoría da elección racional e a teoría das actividades rutinieras (que, aínda que teñen algúns precedentes coñecidos, se consolidan como direccións teóricas nos anos oitenta).

O enfoque da *Escola de Chicago* parte dunha idea básica: fronte ás concepcións do positivismo sociolóxico e a súa tendencia a relacionar o delito directamente coa pobreza, os autores da Escola de Chicago salientaron o poder mediador dos factores ecolóxicos, isto é, do contorno en que viven e actúan os suxeitos. Isto non quere dicir que se negase a influencia da pobreza e outras situacións de dificultade social, senón que simplemente se subliñaba que, para que estas desembocasen en delincuencia, tería que se dar un factor mediador: a existencia de «desorganización social». Por isto se entende a incapacidade dunha comunidade para traballar a prol da consecución de obxectivos conxuntos que supoñan a mellora da veciñanza —obxectivos entre os que se pode atopar a prevención da conduta delituosa—<sup>13</sup>. Entre as principais causas deste fenómeno que sinala esta liña de investigación atópanse a inestabilidade residencial (posto que as persoas que van permanecer pouco tempo nun lugar teñen menos incentivos para participaren na produción de bens públicos) e a heteroxeneidade cultural, susceptible de poñer barreiras ao entendemento e á cooperación<sup>14</sup>.

Pola súa banda, a *prevención situacional do delito* insiste na necesidade de lle prestar atención á situación concreta na que este ten lugar, ás circunstancias específicas de tempo e lugar do acto delituoso. Aínda que poida resultar estraño, o certo é que ata principios dos oitenta estes aspectos foran descoidados pola investigación criminolóxica académica —aínda que non por aqueles que, desde a práctica, se dedicaban á prevención e persecución dos delitos—. Así e todo, a partir desa data desenvólvense distintas perspectivas que, cada unha



desde as súas propias formulacións e coas súas respectivas énfases teóricas, van coincidir na necesidade de ter máis en conta os eventos delituosos concretos e na proposta de modificacións do contorno («a situación») para dificultar a comisión de delitos.

A primeira destas teorías, a *teoría da elección racional en criminoloxía*, salienta os aspectos racionais na conduta do delincente, apuntando cómo a modificación do balance de custos e beneficios pode facer desistir do curso de acción previsto, mesmo cando a decisión tomada afecte a cuestións de grande importancia<sup>15</sup>.

Desde unha perspectiva parcialmente coincidente, a *teoría da actividade rutineira* mostrou cómo moitas das características que converten as nosas sociedades en lugares que tenden a ser inseguros se relacionan con aspectos do noso modo de vida aos que non queremos renunciar<sup>16</sup>. En concreto, segundo esta teoría, o modo de vida que prevalece nas sociedades consumistas da modernidade tardía é singularmente propenso á comisión de actos delituosos, xa que nestas sociedades hai máis oportunidades efectivas de atopar o obxecto/a vítima do delito en situación de indefensión: ao traballaren os dous membros adultos do matrimonio/a parella, as casas quedan baleiras con maior asiduidade que hai unhas décadas; existe unha maior proporción de fogares de clase media; lévanse encima máis cartos e bens mobles de valor —reloxo, teléfono móbil, reprodutor de música, etc.—; moitos desprazamentos realízanse en vehículos privados que logo teñen que ser aparcados en lugares públicos ou semi-públicos, fóra da vixilancia do seu propietario; en xeral, e de modo máis pronunciado no caso das mulleres, hai máis liberdade de movemento, e a unha idade máis temperá<sup>17</sup>.

Xunto coa menos coñecida teoría dos patróns delituosos<sup>18</sup>, a teoría das actividades rutineiras e a da elección racional proporcionan a base teórica á denominada «prevención situacional do delito», unha estratexia preventiva baseada en medidas de redución da oportunidade delituosa con tres características principais (Clarke, 1997: 4):

- Intervense sobre o deseño ou a xestión do contorno inmediato.
- Con tal intervención preténdese facer o delito materialmente máis difícil (ex. unha barra de seguridade nun coche), máis arriscado (ex.: sistemas de iluminación ou circuíto cerrado de televisión) ou menos rendible (ex.: etiquetas con depósitos de tinta en produtos téxtiles).
- Actúase sobre formas de execución do delito moi específicas (así, non se estuda ou tenta previr «o roubo», en xeral, senón o roubo en vivendas, en cabinas telefónicas, en garaxes, en establecementos comerciais abertos ao público, etc.).

A principal obxección a este tipo de medidas preventivas aduce que estas non supoñen unha redución real da delincuencia, senón simplemente o desprazamento das zonas «tratadas» a outras onde aínda non se aplicaron estratexias semellantes. A evidencia empírica respecto disto mostra, no entanto, que o desprazamento, aínda sendo un risco real deste tipo de medidas, non é nin inevitable nin completo<sup>19</sup>. Este resultado concorda cos supostos teóricos dos enfoques que se veñen describindo, segundo os cales os delincentes non son seres irracionais nin están predestinados ao delito; se este se lles fai máis difícil ou menos rendible, decaerá o nivel de comisión do mesmo<sup>20</sup>.

Igual que acontece no seo da teoría urbanística, no eido da criminoloxía a disparidade de concepcións teóricas tradúcese en diferenzas no ámbito das prescricións de políticas públicas. As hipóteses de ecoloxía social da Escola de Chicago e os seus continuadores apuntan cara a medidas sociais incluíntes que produzan unha mellora na eficacia colectiva, que, polo seu lado, derivará nunha redución da actividade delituosa, que, loxicamente, deberá produ-

cirse a medio-longo prazo. As distintas propostas que desembocan na prevención situacional do delito, sen negar a influencia doutros factores, céntranse na modificación da situación concreta para conseguir efectos preventivos practicamente inmediatos<sup>21</sup>.

Algunhas medidas de prevención son compatibles con ambos os enfoques. Tomemos como exemplo a mellora na iluminación pública. É fácil ver que esta incrementa as probabilidades de detectar e sancionar ao posible delincuente, o cal, de acordo coas teses da elección racional, producirá un descenso da actividade delituosa. Mais a mellora na visibilidade tamén fará do lugar en cuestión un sitio máis agradable e dará unha maior impresión de coitado, o que facilitará a comunicación entre os habitantes e usuarios da zona e, xa que logo, incrementará a eficacia colectiva<sup>22</sup>.

Noutras ocasións, no entanto, as prescricións destes enfoques apuntarán en sentidos opostos. Por exemplo, o incremento da territorialidade, de levarse a cabo con medidas como as preconizadas por Newman, isto é, adscribíndolles o espazo a persoas ou pequenos grupos concretos para afirmar o seu sentimento de propiedade, pode supoñer unha perda de espazo público e unha atomización do contacto social que redunde, co paso do tempo, nun menor grao de eficacia colectiva no contorno en que se sitúa o espazo «defendible». Como é amplamente recoñecido, o desenvolvemento dunha «mentalidade de forte», que se pode ver favorecido polas medidas de restrición do uso do espazo público e, en xeral, por todas as de corte defensivo, opera en contra e non a favor da prevención por medio do deseño ambiental (Cozens, Saville e Hillier, 2005: 338).

### **3. OS INSTRUMENTOS DA PRAXE DA PREVENCIÓN DO DELITO A TRAVÉS DO DESEÑO AMBIENTAL**

Contrariamente ao que cabería esperar, a diversidade de perspectivas teóricas que acabamos de ver non desembocou na parálise da posta en marcha da prevención do delito por medio do deseño ambiental, senón que a praxe procedeu adoptando estratexias propostas polos diferentes enfoques. En concreto, as medidas de prevención utilizadas responden principalmente a catro estratexias: vixilancia natural, territorialidade, promoción das relacións comunitarias e protección do obxecto do delito<sup>23</sup>. De seguido, ofrecemos unha breve análise de cada unha delas.

#### **3.1. Vixilancia natural**

Por «vixilancia natural» enténdese a posibilidade de que os propios veciños ou calquera outro cidadán poidan observar o que ocorre no seu contorno<sup>24</sup>.

Os poderes públicos sempre foron conscientes da importancia de evitar «zonas cegas». Como xa vimos, non obstante, a énfase contemporánea na importancia da vixilancia natural correspóndelle a Jane Jacobs. As medidas a través das cales se intenta promover a devandita estratexia son principalmente tres:

##### **I. Promoción do uso mixto do solo.**

Se nunha parte da cidade predominan os edificios de oficinas (ou as grandes superficies comerciais), esta tenderá a quedar sen persoas a partir da tarde; se predominan as vivendas, o patrón de ocupación será xustamente o inverso. Calquera destas posibilidades (ou outras que supoñan uso único) presenta problemas para a vixilancia natural, namentres que o uso mixto da zona a favorecerá.

##### **II. Deseño de edificios e de lugares públicos.**

Dispoñer dun gran número de fiestras nas casas, podar as árbores que impiden ver o exterior (e ser visto desde este), colocar as caixas de correos e os ascensores enfrente da porta de entrada da casa, visibles desde o exterior, situar as caixas rexistradoras á beira da porta de entrada da tenda e manter as fiestras libres de carteis publicitarios que obstaculicen a visión, todas estas son medidas de deseño das vivendas e edificios que incrementan a vixilancia natural. Tamén a ocupación do espazo propiamente público, como rúas e parques, dependerá do seu deseño; por exemplo, a presenza de bancos ou de lugares á sombra ou protexidos da choiva influirá de forma importante no seu nivel de ocupación.

### III. Iluminación.

A iluminación non só permite ver mellor o que ocorre na zona, aumentando así as probabilidades de detectar o delito e de recoñecer ao delincente, senón que crea un sentimento de seguridade que fomenta a presenza de xente na zona, multiplicándose deste xeito a probabilidade de detección e recoñecemento antes mencionada.

## 3.2. Aumento da territorialidade

Tal e como apunta a experiencia común e corrobora a investigación empírica, as persoas estamos máis dispostas a supervisar e protexer aquelas cousas ou áreas das que nos sentimos responsables ou, en palabras de Newman (1972: 79), que están dentro da nosa «esfera de influencia»; ao mesmo tempo, tendemos a comportarnos con máis tento cando sabemos que estamos en áreas que se atopan dentro da esfera de influencia doutras persoas (Taylor, 1988: 260-261). A este fenómeno denomínaselle «comportamento territorial» ou simplemente «territorialidade».

Como xa se expuxo, o incremento de territorialidade constituía un dos puntos fundamentais das propostas de Newman, quen avogaba, en concreto, pola clara diferenciación do espazo público e o privado mediante a súa separación física ou simbólica (utilizando sinais, pequenas elevacións do terreo, plantas, cambio de cor ou de material do pavimento, etc.). Versións posteriores, sen se desviaren do concepto, salientaron os aspectos sociais e culturais da territorialidade (Taylor e Harrell, 1996: 7). É importante non confundir a territorialidade coa masificación. Se se excede dun certo número de «propietarios», o sentimento de pertenza diminúe. Así, un dos primeiros resultados da investigación empírica nesta área demostrou como as casas con maior número de vivendas por planta tiñan índices de criminalidade moi superiores<sup>25</sup>, e a investigación posterior tamén demostrou como as casas cun número relativamente reducido de vivendas (entre seis e doce) e que comparten un mesmo portal, teñen menores índices de criminalidade (véxase Newman, 1971: 67-68; Taylor e Harrell, 1996: 7-10).

## 3.3. Promoción das relacións comunitarias

Como lembra Sampson (2004: 235), a comunidade é un remedio que se pretende aplicar para resolver un número cada vez maior de problemas sociais. Con todo, as perspectivas «comunitarias» poucas veces especifican en qué consisten as redes sociais que facilitan o control social e, cando o fan, parecen pensar máis ben na existencia de vínculos persoais propios ca nun modelo ucrónico de comunidade que nunca existiu.

Fronte a estas concepcións, o propio Sampson avanzou a noción de «eficacia colectiva», que se centra nas expectativas compartidas de acción dos veciños, a crenza compartida na capacidade da veciñanza de mobilizarse para conseguir un obxectivo concreto e o sentimen-

to de participación cidadá dos residentes<sup>26</sup>. As investigacións realizadas mostraron que o principal factor explicativo da falta de eficacia colectiva é a concentración de desvantaxe, aínda que as construcións estruturais non son necesaria ou exclusivamente económicas. Tamén se demostrou que a existencia de eficacia colectiva nunha comunidade contribúe de forma importante ao incremento da seguridade<sup>27</sup>, existindo así mesmo unha clara evidencia da conexión entre a concentración da desvantaxe e o illamento xeográfico de grupos minoritarios<sup>28</sup>. A primeira contribución que o urbanismo pode facer á mellora das posibilidades da eficacia colectiva consiste, xa que logo, na diminución da segregación urbana<sup>29</sup>.

Á marxe desta gran tarefa, tamén se pode contribuír á formación de relacións comunitarias con medidas de menor rango; por exemplo, mediante a disposición do mobiliario urbano (pénsese na importancia para a comunicación do deseño e a situación dos bancos dun parque), das entradas das vivendas (os estudos mostran que os veciños cuxas portas de entrada dan a un lugar común se coñecen máis que outros veciños xeograficamente máis próximos, véxase Katyal, 2002: 1064), evitando o paso de grandes arterias de tránsito rodado polo centro dos barrios ou, finalmente, mantendo limpo o contorno para que este resulte atractivo para os veciños e organizando actividades lúdicas que sirvan para que a xente se coñeza (está comprobado que a sucidade e, en xeral, os signos de desorganización do contorno están relacionados co medo ao delito de quen o habita, e este, pola súa banda, coa disposición ao contacto social<sup>30</sup>).

### 3.4. Protección do obxecto do delito (*target hardening*)

Nun sentido amplo, todas as medidas de prevención contribúen a protexer o obxecto do delito. En sentido estrito, fálase de medidas de protección do obxecto do delito para se referir ao uso de barreiras ou dispositivos físicos que dificultan o acceso a aquel ou que diminúen o seu valor para aquelas persoas que non son os seus lexítimos posuidores. As medidas de reforzo das portas, o deseño de ferrollos máis resistentes, as alarmas, a existencia dunha peza extraíble sen a cal non funciona o aparello electrónico ao que pertence, a impresión do número de matrícula en todas as fiestras do vehículo, as caixas fortes de apertura programada, os vasos de plástico no interior dos estadios deportivos, o uso de papeleiras fixadas no chan en hospitais psiquiátricos e cárceres, a utilización de mobiliario urbano máis resistente ao vandalismo; todas estas medidas de protección cadran dentro desta categoría.

Convén subliñar que, aínda que se acepten estratexias apoiadas en distintos enfoques teóricos, iso non quere dicir que se entenda que tales estratexias son sempre compatibles entre si. É fácil ver que a apertura de espazos necesaria para a vixilancia natural pode chocar coas prescricións da noción de espazo defendible. Pola súa banda, o sentimento de comunidade pódese ver afectado tanto pola prosecución de vixilancia natural como pola do incremento da territorialidade, xa que tanto un espazo excesivamente aberto/indiferenciado como un excesivamente pechado/delimitado poden dificultar que xurdan sentimentos comunitarios. A mellora dos sentimentos comunitarios tamén se pode ver dificultada por medidas de protección do obxecto do delito que proxecten agresividade ou dean a impresión de que a zona «está perdida»; por exemplo, o uso de arame de espiño ou de vidros rotos na parte superior dos muros<sup>31</sup>. O convencemento que parece guiar a praxe da prevención do delito por medio do deseño ambiental é o recoñecemento de que todas as estratexias propostas teñen puntos fortes e puntos débiles e que estes teñen que ver, sobre todo, coas características do contorno físico e social no que se deben aplicar: unha estratexia axeitada nun contexto pode ser

desaconsellable noutro, e en case todos os casos cumprirá ter en conta os efectos que calquera das anteriores estratexias poida ter sobre o resto, aproveitando as sinerxías e intentando diminuír os conflitos (Ziegler, 2007: 874; Katyal, 2002: 1049; Taylor e Harrell, 1996: 5).

#### **4. A SITUACIÓN NO DEREITO E AS POLÍTICAS PÚBLICAS DO NOSO CONTORNO**

##### **4.1. O ámbito supranacional: a Unión Europea**

Como xa adiantamos, a importancia da relación entre o urbanismo, o dereito urbanístico e a seguridade pública está aceptada internacionalmente.

O 24 de xullo do 2002, o Consello Económico e Social das Nacións Unidas aprobou as «Directrices para a cooperación e a asistencia técnica no campo da prevención do delito urbano». No apartado 26 afirmase que tanto os gobernos coma a sociedade civil deben apoiar as iniciativas de prevención situacional do delito, entre as que se inclúen expresamente o deseño ambiental, o incremento da vixilancia e a protección do obxecto do delito.

Existen tamén diversas institucións de alcance europeo que salientan o papel de prevención da delincuencia que pode ter o urbanismo. Así, o ditame do Comité das Rexións do 18 de novembro de 1999 sobre «A delincuencia e a seguridade nas cidades» sinala que: «Tanto nas novas construcións coma no anovamento de zonas deterioradas da cidade cómpre ter en conta desde a fase da súa concepción os aspectos de prevención da violencia. Isto pódese realizar mediante unha estreita colaboración entre as autoridades responsables en materias urbanísticas, os propietarios dos bens inmobiliarios e as autoridades encargadas da seguridade da comunidade».

Pola súa banda, o Consello de Xustiza e Interior da Unión Europea, en reunión do 15 de marzo do 2001, mostrou a súa conformidade política coas conclusións da conferencia de expertos da Unión Europea «Cara a unha estratexia baseada no coñecemento para previr o crime» (Sundsvall, Suecia, 21-23 febreiro 2001), as cales apuntaban que: «CPTED ou DOC<sup>32</sup> probou ser unha estratexia efectiva e moi concreta e factible de prevención da delincuencia e dos sentimentos de inseguridade, integrada nunha aproximación multidisciplinar. As mellores prácticas referidas a CPTED/DOC terían que ser recollidas, avaliarse e facerse accesibles a todos os involucrados. Este proceso tería que utilizar un marco común e terían que ser identificados os conceptos, procesos e principios transferibles».

O interese europeo pola prevención situacional do crime explica que se impulsase a elaboración dun estándar europeo sobre prevención da delincuencia mediante a planificación urbana e o deseño arquitectónico (ENV 14383-2). Como é sabido, os estándares europeos son acordos voluntarios (de cumprimento non obrigatorio) entre países, institucións e persoas sobre cómo ten que ser un produto ou un proceso<sup>33</sup>. Son pezas clave do mercado europeo unido, especificacións técnicas aprobadas por un organismo recoñecido de estandarización para a súa aplicación repetida ou continua, que poden ser internacionais (elaboradas pola ISO, *International Standardisation Organisation*; por exemplo, as normas ISO 9000), europeas (EN, que proveñen do Comité Europeo de Normalización, coma o EN 50130-501136 sobre sistemas de alarma, ou EN 1522/1523 sobre protección antibalas de portas e fiestras, ou a norma experimental ENV 1627-1629 sobre resistencia ao roubo de portas, fiestras e contrafortes de fiestra).

A mediados dos anos 90 decidiuse elaborar un estándar que non fose de produtos senón de *procedementos* en relación coa posibilidade de que as autoridades locais e rexionais, os planificadores urbanísticos, os arquitectos e os enxeñeiros puidesen axudar a reducir a delincuencia e o medo á delincuencia en colaboración coa policía, as empresas de seguridade, as empresas de seguros e os propios veciños. A adopción do estándar correspondeulle ao Comité Europeo de Normalización, que no ano 1996, en Dinamarca, constituíu o comité técnico 325 (TC 325), que tiña como misión traballar no novo estándar. Dividiuse o labor en tres grupos de traballo (GT 1, GT 2 e GT 3). O GT 1 foi presidido por Francia e concentrouse en termos e definicións. O GT 2 ocupouse da planificación urbanística e foi presidido polos Países Baixos. O GT 3 actuou baixo a presidencia do Reino Unido e centrouse no deseño de vivendas, comercios e oficinas. O GT 2 deu lugar a unha norma experimental europea (ENV) aprobada polo Comité Europeo de Normalización no ano 2002, cunha aplicación provisional de 3 anos de duración, coa posibilidade de convertela nunha EN. A ENV 14383-2 é importante, xa que se trata dun primeiro intento de establecer termos e definicións comúns sobre a prevención situacional do delito.

Finalmente, no 2007 substitúese esa norma experimental polo documento CEN/TR 14383-2:2007 (Prevención da delincuencia — Planificación urbanística e deseño da edificación — Parte 2: planificación urbanística), con status de Informe Técnico. Así mesmo, aprobouse tanto un estándar (EN 14383-1:2006, Prevención da delincuencia — Planificación urbanística e deseño de edificacións — Parte 1: Definición de termos específicos) como dous Documentos de Especificacións Técnicas relativos a este ámbito (CEN/TS 14383-3:2005, Prevención da delincuencia — Planificación urbanística e deseño da edificación — Parte 3: vivendas; CEN/TS 14383-4:2006, Prevención da delincuencia — Planificación urbanística e deseño — Parte 4: tendas e oficinas). No momento en que se redactan estas liñas, hai outros dous Informes Técnicos e outro Documento de Especificacións en fase de elaboración<sup>34</sup>.

Por mor da necesidade de obter o consenso de todos os países e das organizacións europeas de interesados —o que, neste caso, incluíu a policías, arquitectos, deseñadores, planificadores e aseguradores—, os traballos de elaboración e aprobación dos estándares duraron máis dunha década, e o feito de que fosen aprobados recentemente nos impide pronunciarnos sobre a súa efectividade<sup>35</sup>. Entendemos, daquela, que resulta máis interesante profundar nas posibilidades e dificultades da implantación práctica da prevención do delito a través do deseño ambiental mediante o estudo das que, con toda probabilidade, foron as dúas experiencias estatais europeas máis intensas neste tipo de prevención: a holandesa e a do Reino Unido<sup>36</sup>.

#### 4.2. O caso holandés<sup>37</sup>

Tras un período de probas na rexión policial de Hollands Miden, en 1996 introduciuse en todo o territorio holandés a certificación policial *Politiekeurmerk Veilig Wonen* (certificado policial de vivenda segura).

Trátase dunha certificación outorgada pola policía ás vivendas e complexos residenciais que alcanzan un determinado número de puntos nunha avaliación realizada conforme a un manual de certificación, baseado este nos principios da prevención do delito mediante o deseño ambiental. O referido manual de avaliación estrutúrase arredor de 55 criterios, definidos conforme á «linguaxe de parámetros» (*pattern language*) desenvolvida e validada por Christopher Alexander nos anos setenta. En *A Pattern Language: Towns, Buildings, Construction*, publicado en 1977, Alexander e os seus dous coautores (Sara Ishikawa e Murray

Silverstein) presentaron 253 patróns arquetípicos que consistían na exposición dun problema de deseño, a súa discusión e a súa resolución<sup>38</sup>. Á hora de elaborar o manual de avaliación utilizado pola policía holandesa, escolléronse os 55 parámetros especialmente relacionados cos principios da prevención do delito a través do deseño ambiental e estruturáronse en cinco niveis, seguindo unha orde de xeneralidade decrecente (desde a planificación xeral da zona ata o deseño concreto das vivendas incluídas nela e de certas partes das mesmas —fachaduras, fiestras, etc.—). Para a elaboración dos parámetros tívose en conta, así mesmo, a perspectiva do delincente, que se investigou a través de estudos cualitativos con delincentes reais.

Os parámetros referidos son variados e inclúen variables sociais (os proxectos deben fomentar a mestura social mediante a oferta de distintos tipos de vivenda) xunto a elementos puramente físicos (debe haber instalacións onde poidan xogar os nenos e estas teñen que se poder ver desde os edificios próximos e ter bancos nos que poidan sentar os adultos supervisores). Os axentes de policía avalían o proxecto, outorgando un punto por cada patrón cumprido. Para evitar unha excesiva rixidez, a pesar de que cada parámetro consiste na exposición do problema e a súa solución, concédese a posibilidade de que o obxectivo para o que se articulou o parámetro en cuestión se poida lograr por outros medios. Ademais, prevese un sistema de bonificacións que se poden sumar á puntuación obtida mediante os parámetros.

A policía ofrécelles aos interesados un servizo gratuito de asesoramento. A certificación só se outorga unha vez que se concluíu o proxecto e que este foi inspeccionado por axentes de policía distintos daqueles que levaron a cabo o asesoramento. O custo da inspección é financiado polo particular interesado en obter a certificación. Con este sistema preténdese animar aos promotores, construtores e arquitectos a poñérense en contacto con especialistas privados ou con axentes de policía encargados de asesorar, tendo en conta que, en caso contrario, a corrección dalgún dos parámetros incumplidos pode resultar imposible ou demasiado cara.

A certificación á que nos referimos non é obrigatoria para ningún tipo de proxecto, senón que debe ser solicitada voluntariamente polo promotor<sup>39</sup>. Enténdese que os incentivos para facelo veñen dados pola maior facilidade de vender un proxecto así que este obtén o certificado policial que o acredita como «seguro»<sup>40</sup>. Os feitos déronlle a razón a esta proposta, xa que desde que se introduciu, en 1997, e ata finais do 2001, foron 32 000 os proxectos de nova construción que obtiveron o certificado, e arredor do 70 % da poboación enquisada afirmou querer que a súa próxima vivenda tivese o tal certificado. Atendendo aos resultados, non é de estrañar: as vivendas que obteñen a certificación presentan unha redución do risco de roubo do 95 % (Colquhoun, 2004: 217).

Aínda que a opinión xeneralizada confirma o éxito da experiencia holandesa, non podemos esquecer as advertencias sobre a súa posible «morte de éxito». Tal e como prevén Van Soomeren (2001: 295-296), esta terá lugar se, como adoita ocorrer co incremento da burocratización, o sistema acaba privilexiando o aumento da expedición de certificacións fronte á calidade das que se outorgan —é dicir, se se antepón a cantidade á calidade—. Para que o sistema de certificacións axude a un descenso da delincuencia, este deberá basearse na mellor evidencia dispoñible e deberá estar atento á adaptación da delincuencia ás reformas do contorno<sup>41</sup>.

### 4.3. A experiencia no Reino Unido

O primeiro intento de difusión a grande escala dos principios da prevención do delito a través do deseño ambiental no Reino Unido tivo lugar en 1989 coa instauración, por iniciativa da policía e con apoio do Home Office, do programa *Secured by Design* (Seguridade a tra-



vés do Deseño). Este programa, que segue a gozar de boa saúde, apóiase principalmente en dous instrumentos<sup>42</sup>:

- O «Recoñecemento aos promotores» (*Developers Award*) é un certificado que se lles outorga a proxectos que, despois de consultar cos *Architectural Liaison Officers* (denominados nalgúns lugares *Crime Prevention Design Advisers*), policíaes especializados en riscos de delincuencia que asesoran na planificación urbanística, seguen as súas directrices sobre como conseguir un contorno que reduza o risco do delito<sup>43</sup>.

- A concesión de licenzas a produtos concretos (portas, fiestras, lámpadas, recubrimentos anti-pintadas, etc.<sup>44</sup>) que foron elaborados e postos a proba seguindo as especificacións policiais.

Como se pode ver, do mesmo xeito ca no caso holandés, confíase na iniciativa privada para a difusión do programa. Estamos, pois, ante unha actividade típica de fomento, por utilizar a terminoloxía empregada en España para distinguir tipos distintos de actividades administrativas desde que fora impulsada polo profesor Jordana de Pozas (1949).

Tamén hai coincidencia nos resultados das investigacións empíricas: as vivendas que se adaptan aos requisitos do programa *Secured by Design* experimentan importantes descensos na probabilidade de sufrir un delito<sup>45</sup>. Con todo, no Reino Unido as empresas e os particulares responderon dun modo menos positivo ca en Holanda a tales incentivos<sup>46</sup>; se cadra por este motivo as autoridades do Reino Unido foron máis activas que as holandesas á hora de promoveren a utilización da prevención do delito a través do deseño ambiental.

Durante a década dos noventa, o Goberno británico mostrou o seu apoio xenérico ás medidas de prevención baseadas no deseño ambiental e promoveu a elaboración de directrices ao respecto. Así, en 1994, o Ministerio do Medio Natural publicou a Circular 5/94, co título *Planning Out Crime*, na que se indicaba que, malia as causas do delito seren complexas, o deseño ambiental podía ser un elemento máis na súa prevención. Por tal razón, instaurouse a posibilidade de consulta das autoridades locais aos *Architectural Liaison Officers* e autorizouse ás autoridades locais a utilizaren a prevención do delito como parámetro na autorización de proxectos urbanísticos<sup>47</sup>, aludíndose de forma expresa ao programa *Secured by Design* como exemplo a seguir.

En 1998, o Parlamento aprobou a ambiciosa lei sobre o delito e os disturbios (*Crime and Disorder Act*). O artigo 17, titulado «O deber de ter en conta os efectos relativos ao delito e aos disturbios», establecía no seu apartado primeiro que, «Sen prexuízo do resto das súas obrigas, todas as autoridades ás que incumbe este artigo teñen o deber de exercer as súas distintas funcións coa debida atención ao previsible efecto que estas poidan ter sobre o delito e os disturbios na súa localidade, así como á necesidade de facer todo aquilo que razoablemente poidan para previlos».

As autoridades ás que fai referencia o artigo 17 son as de ámbito local<sup>48</sup>. No entanto, unha enquisa realizada como parte dun estudo publicado no 2007 sobre a efectividade do artigo 17 da *Crime and Disorder Act*, revelou que, a pesar de que un 93 % das autoridades locais con responsabilidades na aprobación dos proxectos urbanísticos era consciente de que a prevención do delito debía utilizarse como parámetro á hora de concederen a autorización, só unha cuarta parte das devanditas autoridades (27 %) recibira algún tipo de instrución sobre prevención ambiental do delito (Everson e Woodhouse, 2007: 120-121)<sup>49</sup>. Sen dúbida, a falta dunha formación axeitada supón un importante atranco para as consideracións preventivas



na avaliación dos proxectos urbanísticos; máis aínda se, como se viu, o órgano revisor se mostra pouco receptivo ás mesmas.

A este problema haille que engadir outro, sobre cuxa importancia se advertiu no momento de presentar as bases teóricas deste tipo de prevención. Aínda que as autoridades do Reino Unido se mostraron a favor das medidas de prevención baseadas no deseño en xeral, foron moito menos precisas á hora de se pronunciaren sobre que perspectiva concreta se debe seguir. Isto provocou unha certa desorientación, debido sobre todo a que, en tanto que o *Home Office* e o programa *Secured by Design* se decantaban por unha visión próxima ás concepcións de Newman, outros departamentos gubernamentais seguían as do «novo urbanismo»<sup>50</sup>. Para intentar superar estes problemas, no 2004 publicouse *Safer Places: The Planning System and Crime Prevention*, unha guía sobre a aplicación dos principios deste tipo de prevención que enfoca o tema desde unha perspectiva claramente pragmática (Everson e Woodhouse, 2007: 125).

Na devandita guía recoñécese que, dentro do enfoque de prevención do delito a través do deseño ambiental, existen propostas distintas e, en ocasións, incompatibles; que a evidencia empírica mostrou que nunhas ocasións unha funciona mellor ca outra e viceversa; e, finalmente, que algunhas das medidas que poden resultar efectivas desde o punto de vista preventivo poden xerar tamén efectos indesexables para outros obxectivos socialmente desexables. En espera de que a investigación empírica permita reducir a marxe de descoñecemento, esta guía oficial propón aplicar os principios reitores do enfoque cunha marxe de discreción e poñendo especial atención nas características físicas e sociais da contorna na que se vai levar a cabo a intervención, para o que cómpre contar coa participación dos implicados. Ante o enfrontamento académico, a guía reacciona cunha mestura de flegma británica e pragmatismo burocrático: «En ocasións este debate procede mediante estereotipos incendiarios e esaxerados. Iso é un erro. O obxectivo é considerar todas as prioridades e as decisións que leven ás consecuencias adecuadas para o lugar en cuestión»<sup>51</sup>.

A guía selecciona sete características do medio que se relacionan de modo particularmente estreito coa prevención do delito<sup>52</sup>, descríbese e analízase con certo detalle, achegando exemplos reais, e remata o apartado dedicado a cada unha delas cunha lista de comprobación (*checklist*) que, do mesmo xeito que aquelas que se utilizan (*ou se deberían utilizar*) na elaboración de textos normativos, non ten como fin único permitir unha comprobación final do grao de cumprimento dos obxectivos, senón guiar todo o proceso<sup>53</sup>.

Malia os esforzos que acabamos de ver, a percepción máis estendida entre os académicos é que: (a) considerando as súas posibilidades, a prevención do delito mediante o deseño ambiental non alcanzou no Reino Unido a implantación que cabería esperar; e (b) as medidas actuais tenden a se concentrar nos aspectos máis puramente físicos —a protección do obxecto do delito e, en concreto, as especificacións técnicas sobre o deseño de elementos defensivos específicos coma portas, fiestras ou iluminación— postergando os ambientais.

En referencia ao primeiro caso, o relativo escaso éxito deste tipo de prevención, algúns autores entenden que se debe a que os poderes públicos ofrecen instrucións que non son abondo específicas e que, en ocasións, resultan mesmo contraditorias, especialmente tocante á polémica entre os principios de accesibilidade e espazo defendible (Armitage, 2007: 83-89). O fenómeno é coñecido. Como apunta Taylor (2002: 422), a insinuación de que as conexións entre deseño ambiental e delito son continxentes supón un problema para os poderes públicos (e é lóxico que o supoña; a afirmación anterior é unha constatación, non unha crítica). Este

é precisamente un dos puntos débiles da prevención a través do deseño ambiental: aínda que se sabe que funciona, existen moitas dúbidas sobre os mecanismos causais concretos por medio dos cales consegue os seus efectos e cál dos catro mecanismos vistos *supra* —aptdo. 2— cumpriría promover nunha situación concreta (Cozens, Saville e Hillier, 2005: 343-344; Olasky, 2004: 335; Cozens, Pascoe e Hillier, 2004: 18; Eck, 2002: 281-285).

Sen negar a realidade deste problema, outros autores inclínanse por unha explicación máis xeral —e complementaria da anterior— que tamén pode explicar que, cando se toman medidas, predominen as de corte «físico». A explicación apóiase nun dato apuntado por Olasky (2004: 330): na maioría dos países a posta en práctica da prevención do delito por medio do deseño deixouse de forma predominante nas mans dos particulares e, sobre todo, da policía. Non obstante, ambos os grupos presentan dificultades á hora de actuaren como difusores destes esquemas preventivos:

Por unha banda, os particulares enfróntanse con dous problemas relacionados: a existencia de asimetría informativa e a de incentivos para a toma dunha decisión socialmente ineficiente. No primeiro sentido, uns particulares, os promotores, tenderán a estar mellor informados sobre os custos e beneficios da prevención ambiental ca outros, os eventuais compradores. Isto resulta problemático, xa que, salvo que o particular estea ben informado e entenda correctamente o valor das medidas de prevención ambiental, o promotor non terá incentivos para adoptalas, tendo en conta que estas lle supoñerán cargas (maiores custos e tardanza na finalización do proxecto) das que non se poderá librar empaketándollas ao comprador por medio do incremento do prezo. Deste xeito, aínda que o promotor coñeza o valor social positivo deste tipo de prevención (posto que o incremento dos custos de construción se ve máis ca compensado pola redución na probabilidade de ser vítima dun delito<sup>54</sup>), terá incentivos para non adoptar estas medidas.

Por suposto, o problema non é insalvable, xa que se o particular estivese ben informado sería o primeiro interesado en pagar un prezo máis elevado a cambio dunha menor probabilidade de ser vítima dun delito. Por iso tanto o sistema holandés coma o do Reino Unido optan polo outorgamento de certificacións; a certificación pública debería servir de elemento para aumentar a credibilidade do promotor e a información dispoñible para o comprador, aínda que todo indica que esta posibilidade non se actualizou no Reino Unido (e si en Holanda, como vimos).

Doutra banda, tamén o labor da policía entraña dificultades. En primeiro lugar, a prevención ambiental do delito non se conta entre as tarefas preventivas tradicionalmente realizadas pola policía e, xa que logo, tampouco forma parte da formación policial e, de modo quizais máis importante, tampouco forma parte do seu *ethos*<sup>55</sup>. Daquela, de entrada, o policía encargado —no Reino Unido, o *Architecture Liaison Officer*— non ten unha vantaxe comparativa fronte ao promotor ou ás persoas contratadas por este, e nalgúns casos —nomeadamente, o dos arquitectos— mesmo estará en desvantaxe en canto a coñecementos. Isto supón, en segundo lugar, que, a menos que haxa un esforzo importante de formación, o policía en cuestión carecerá de suficiente seguridade en si mesmo para levar a cabo o seu traballo. Nestas condicións, que son as que se dan actualmente no Reino Unido<sup>56</sup>, non é de estrañar que predominen as medidas «físicas» de protección do obxecto do delito: son máis fáciles de entender, non existe polémica teórica relevante sobre as mesmas<sup>57</sup> e a súa recomendación supón a aplicación dunha regra e non dun estándar, resultando máis

defendible fronte a terceiros (un valor en absoluto desprezable cando a confianza que un ten no seu traballo é limitada).

As observacións anteriores non significan que os esquemas de prevención ambiental do delito estean condenados ao fracaso sen unha intervención pública máis intensa (o caso holandés é a proba empírica de que isto non é así). Pero si mostran problemas reais aos que se debe enfrontar este modelo de prevención e que cómpre ter en conta á hora de levar a cabo calquera intento de translación desde o papel ata as políticas públicas. Todas as anteriores consideracións se poden trasladar ao ámbito español, moi falto aínda de reflexión neste punto. A prevención do delito por medio do deseño ambiental pode supoñer un novo enfoque sobre a clásica actividade da policía de seguridade administrativa e podería incidir no cumprimento efectivo do dereito a gozar dun ambiente urbano adecuado (art. 47 CE, en conexión co art. 104 CE). As páxinas que seguen presentan algunhas reflexións sobre estes aspectos.

## 5. SEGURIDADE PÚBLICA, CIDADE E DEREITO URBANÍSTICO NO ORDENAMENTO XURÍDICO ESPAÑOL

Antes de expoñer o marco xurídico das relacións entre ordenación do territorio, urbanismo e vivenda e a prevención da delincuencia en España, pode ser de interese ter presentes uns poucos, aínda que significativos, datos acerca da realidade social existente, sobre a que opera o dereito vixente e en relación á cal están en marcha algúns cambios normativos.

### 5.1. O desenvolvemento urbano en España: da expansión urbana e as Gated Communities ao xurdimento de barrios con dificultades

Consonte os datos oficiais, a taxa de feitos coñecidos polo sistema de xustiza penal en España aumentou de maneira leve pero constante desde 1980<sup>58</sup>, ao mesmo tempo que a poboación recluída se incrementou en algo máis do 115 % en 18 anos (1990-2008)<sup>59</sup>.

Como é sabido, non se debe confundir a delincuencia, un feito, co medo á delincuencia, ligado á sensación subxectiva de inseguridade cidadá, sensación non menos real para quen a padece. É posible afirmar que parece existir un aumento da sensación subxectiva de inseguridade cidadá entre grandes capas da poboación en conexión con certos fenómenos coma o vandalismo nas rúas ou os asaltos a domicilios particulares.

Neste contexto, fálase dunha certa «privatización» da seguridade pública, en favor dos servizos de seguridade prestados por empresas privadas. As cifras son claras e as razóns que explican este feito son diversas.

A Lei 23/1992, do 30 de xullo, supuxo a primeira norma con rango legal sobre a seguridade privada aplicable en toda España. Esta lei permite e regula a seguridade privada, aínda que a exclúe das vías públicas e de uso común, con algunhas excepcións. Entre estas excepcións destaca a posibilidade de actuación da seguridade privada en vías públicas e de uso común de polígonos industriais ou urbanizacións illadas, sempre que se cumpran unha serie de condicións.

O crecemento da delincuencia, do medo á delincuencia e do papel da seguridade privada teñen conexión —e este é o punto destacable— con cambios urbanos importantes que se desenvolveron en España nas últimas décadas. Entre estes cambios urbanos, convén salientar aquí dous deles.

En primeiro lugar, a expansión urbana das cidades españolas (*urban sprawl*) está a ser moi acentuada e foi acompañada por un crecemento disperso, cunha especialización funcional dos

territorios e unha segregación urbana de funcións, modelo contraposto á tradicional cidade española compacta e funcionalmente diversa. Estes fenómenos parecen dar lugar a unha crecente segregación urbana e a unha separación entre persoas (e espazos urbanos). A visualización clara destes procesos pódese atopar nas urbanizacións pechadas (*gated communities*), que son unha forma extrema de prevención do delito a través do deseño ambiental<sup>60</sup>, frecuentemente conectadas con instalacións deportivas, sendo típico o caso do golf<sup>61</sup>. Este crecemento disperso está a xerar novos problemas de seguridade e unha crecente sensación de inseguridade ante episodios de asalto a vivendas, o que leva a un auxe da seguridade privada, que, recordemos, pode actuar, por habilitación legal excepcional, en urbanizacións illadas.

En segundo lugar, xunto á expansión urbana dispersa, existen unha serie de áreas urbanas en España que concentran poboacións con dificultades, incluíndo altas porcentaxes de inmigración extracomunitaria. Un estudo oficial publicado no ano 2000 sinala que entre catro e cinco millóns de españois viven en barrios con dificultades, é dicir, un 12 % da poboación total<sup>62</sup>. Neste tipo de barrios, con porcentaxes de inmigración que poden ser superiores ao 30 %, por unha banda, a sensación subxectiva de inseguridade dos residentes incrementáase e, doutra banda, a concentración de poboacións con dificultades encóntrase ligada aos niveis de delincuencia, como subliñan diversos estudos<sup>63</sup>.

## 5.2. O marco xurídico-constitucional. Aspectos competenciais e substantivos: a seguridade pública, a ordenación do territorio, o urbanismo e a vivenda nun Estado descentralizado

Unha vez exposto sumariamente o contexto social, é o momento de analizar tamén brevemente os mandatos constitucionais vinculados á seguridade pública e o territorio.

Ante todo, convén recordar que, como é sabido, o Estado español é un estado descentralizado, que conta con tres niveis de poder político: o estatal, o autonómico e o local. As competencias e relacións entre estes tres niveis de poder veñen delimitadas pola Constitución española de 1978 e, no marco desta, polos Estatutos de Autonomía das 17 comunidades autónomas e a lexislación básica de réxime local, aplicable por igual a todos os entes locais españois.

En primeiro lugar, no que se refire á materia «seguridade pública», son competentes tanto o nivel estatal coma as comunidades autónomas e os entes locais, podendo coexistir tres corpos de policía distintos nun municipio. Este sistema complexo esixe que as técnicas de coordinación e cooperación interadministrativa teñan un papel relevante, de aí a existencia de órganos específicos.

Desde esta perspectiva, a lexislación tanto estatal coma autonómica *non recoñece explicitamente a conexión entre seguridade pública e urbanismo na actualidade*, aínda que no nivel dos principios e normas xenéricas se poidan atopar algunhas referencias. Neste sentido, pódense destacar, por exemplo, as referencias da lexislación catalá á planificación en materia de seguridade. Os plans de seguridade que se elaboren deben ter en conta as previsións doutros plans que lles poidan afectar, incluíndo tamén polo tanto, implicitamente, os plans de urbanismo (art. 31.3 da Lei catalá 4/2003).

Tocante ás competencias sobre ordenación do territorio, urbanismo e vivenda, a Constitución non lle recoñece explicitamente ningunha competencia ao Estado. Habitualmente, os Estatutos de Autonomía asumen esta competencia como exclusiva. No entanto, a xurisprudencia do Tribunal Constitucional, utilizando materias conexas —obras públicas que afectan a varias comunidades autónomas ou de interese xeral, como comisarías

de policía e outras—, recoñeceu a existencia de competencias estatais en relación coas tres materias aludidas<sup>64</sup>.

Esta razón explica a existencia de relevante normativa estatal en materia de urbanismo e vivenda, a cal, aínda así, *non contempla os aspectos de seguridade de forma explícita*.

A pesar destas competencias estatais, son as comunidades autónomas as que teñen un corpus xurídico completo en relación con estas materias e dispoñen, polo xeral, de leis específicas de ordenación do territorio, urbanismo (frecuentemente unificando nunha soa lei ambas as perspectivas) e vivenda. Nalgunhas destas leis empézase a considerar o aspecto da prevención da delincuencia, como teremos ocasión de comprobar. Así mesmo, no marco destas leis, e mediante os seus plans de urbanismo, os concellos españois están tentando elaborar políticas públicas de integración dos aspectos urbanísticos e de seguridade, ás que aludiremos en breve.

Máis alá da perspectiva competencial, a Constitución de 1978 refírese especificamente á seguridade pública e ao medio urbano en dous artigos distintos, o art. 47 (dereito á vivenda) e o art. 104 (papel das forzas e corpos de seguridade en España).

A doutrina xurídica sinalou como o dereito á vivenda non supón só unha serie de obrigas xurídicas públicas respecto da vivenda entendida como espazo habitable, senón tamén respecto ao *medio urbano* en que esa vivenda se sitúa, de xeito que a Constitución española está na liña dos modernos textos legais que se refiren ao dereito á cidade. Desde esta perspectiva, a seguridade pública urbana é un elemento relevante do dereito á cidade.

### 5.3. O marco legal: cal é a tradución normativa do obxectivo de integración da prevención da delincuencia na planificación, a concepción e a xestión das construcións?

Partindo do marco constitucional exposto, procederemos agora a expoñer as normas xurídicas españolas que vinculan o urbanismo coa prevención da delincuencia dun xeito ou doutro. Para esta exposición, ímonos ater á orde seguida polo documento CEN/TR 14383-2:2007, con status de Informe Técnico, elaborado polo Comité Europeo de Normalización, ao que xa se fixo referencia con anterioridade.

Así, en primeiro lugar analizaremos as estratexias reguladas en relación coa planificación (4.3.1), o deseño urbano (4.3.2) e a xestión urbana (4.3.3), para, en segundo lugar, centrarnos na avaliación de riscos conectados coa delincuencia.

#### 5.3.1. Planificación

a.- Planificación territorial e ordenación do territorio: os plans de ordenación do territorio e as súas directrices en materia de seguridade urbana.

Como xa se dixo, a competencia autonómica en materia de ordenación do territorio deu lugar á aprobación de leis nesta materia; leis que, cun nome ou outro, prevén a elaboración de plans de ordenación do territorio de ámbito superior ao dun municipio e que establecen directrices que vinculan aos plans de urbanismo locais, que as deben respectar adaptándose ás mesmas, pois en caso contrario vulneran esta lexislación e incorren en vicio de invalidez.

Entre as directrices de ordenación do territorio, cada vez van gañando máis importancia as reflexións en materia de prevención da delincuencia e do medo á delincuencia. No caso catalán, por exemplo, estase impulsando nestes momentos un ambicioso programa de plans de ordenación do territorio en execución da Lei 23/1983, do 21 de novembro, de política

territorial. Recentemente aprobáronse os criterios de planificación territorial que están guiando a aprobación destes plans e están en fase de elaboración criterios máis específicos en relación coa prevención da delincuencia e do medo á delincuencia.

Respecto dos criterios xa aprobados, algúns deles encaixan plenamente nos postulados do movemento denominado *Crime Prevention Through Environmental Design* (CPTED) ou *Designing Out Crime* (DOC), en referencia a aspectos como a vixilancia natural (promoción da diversidade de usos urbanísticos) ou a territorialidade ou pertenza (loita contra a segregación espacial, fomento da cidade compacta). Tocante aos criterios específicos en elaboración, insisten nestes aspectos e engaden outros conectados coa vixilancia natural (iluminación adecuada, uso de videovixilancia, accesibilidade, evitando pasos subterráneos) ou co deseño e a xestión urbana (mantemento e restauración do espazo urbano)<sup>65</sup>.

*b. Planificación local: os plans de urbanismo*

Respectando a planificación de ordenación do territorio, se esta existe, os plans de urbanismo locais son en realidade os instrumentos clave na conexión entre urbanismo e seguridade pública. Os plans de urbanismo locais son elaborados e aprobados polos concellos (aínda que, nalgúns casos, se require tamén unha aprobación autonómica que controla a legalidade e o respecto dos intereses de ámbito superior ao local, de acordo con cada lexislación urbanística autonómica). Estes plans de urbanismo delimitan o dereito de propiedade privada sobre o solo (de acordo co art. 33 da Constitución) e clasifican e cualifican este, decidindo se se pode ou non construír e que é posible construír, decidindo o uso urbanístico, o volume edificable, etc.

*b. 1. Planificación, cohesión social e desenvolvemento urbanístico sustentable: mestura urbana, capital social e vixilancia natural en diversas leis autonómicas*

Nos últimos anos, numerosas leis das comunidades autónomas incorporaron principios (desenvolvemento urbanístico sustentable, cohesión social, mestura de usos urbanísticos polo plan) e regras xurídicas dirixidas a loitar contra a segregación urbana e a garantir a cohesión social por medio da mestura da poboación no territorio (reservas legais obrigatorias para os plans de porcentaxes de vivendas sociais, distribuídas equibradamente no territorio e evitando a súa concentración).

Eses principios e regras perseguen a promoción da diversidade de usos urbanísticos e de tipoloxías de vivendas, incluíndo as vivendas sociais (vivendas de protección oficial, na terminoloxía legal española). Estas regulacións legais contribúen á prevención da delincuencia e do medo á delincuencia, posto que a diversidade de usos e tipoloxías de vivendas é unha táctica clásica de CPTED ou DOC dirixida a reforzar a vixilancia natural e a sensación de territorialidade ou pertenza<sup>66</sup>.

*b. 2. Planificación e gated communities*

Respecto das *gated communities*, non existe na vixente lexislación española común de urbanismo (Real decreto legislativo 2/2008, do 20 de xuño, polo que se aproba o texto refundido da Lei do solo) un tratamento específico das urbanizacións pechadas, que supón un caso extremo de CPTED ao levar ao límite o sentido de pertenza ou territorialidade dos seus residentes. No ámbito autonómico, Cataluña foi pioneira na regulación desta realidade, coa Lei 18/2007, do 28 de decembro, do dereito á vivenda,

senalando que a ordenación urbanística, como criterio xeral, debe procurar evitar que os ámbitos ou sectores residenciais que se desenvolvan se configuren como urbanizacións con elementos que as pechen (art. 17).

Esta regulación, en calquera caso, suscita a cuestión de ata que punto o dereito pode evitar este tipo de desenvolvementos urbanos, cuestión respondida de forma negativa por Le Louarn para o caso francés<sup>67</sup>.

### *b. 3. Planificación e lugares de culto: seguridade urbana e utilización do solo para fins relixiosos*

Outro aspecto de crecente importancia na planificación urbanística española é a existencia e localización dos lugares de culto relixioso, nun contexto de rápido cambio demográfico e social e de evolución vertixinosa cara a unha sociedade pluricultural e pluriconfesional. A Constitución española de 1978 garante a liberdade relixiosa no seu art. 16, que inclúe a liberdade para establecer lugares de culto, aínda que sometidos, está claro, ás regulacións urbanísticas fixadas polos plans de urbanismo.

En España, a lexislación urbanística vixente das comunidades autónomas concédelle discrecionalidade ao plan de urbanismo local para avaliar as necesidades socioeconómicas e decidir sobre a zonificación do solo para usos relixiosos. Non existe en España, a diferenza doutros países, como Italia ou Singapur, un estándar urbanístico legal que se impoña á discrecionalidade local neste asunto.

A alta taxa de inmigración extracomunitaria nos últimos anos xerou un problema en relación cos lugares de culto en malas condicións e respecto dos fenómenos NIMBY<sup>68</sup> ante os intentos de construír mesquitas. Neste contexto, e nun Estado cunha longa historia de confesionalidade católica, os plans de urbanismo tentan afrontar esta nova situación mediante a previsión de espazos axeitados para novos lugares de culto. Nesta liña, comeza a suscitarse tamén o papel dos lugares de culto relixioso en relación coa seguridade pública urbana. Namentres que para un sector da poboación a apertura de novos lugares de culto —esencialmente mesquitas— se identifica con problemas de seguridade, diversos concellos, especialmente en Cataluña, están empezando a reflexionar sobre a necesidade de garantir unha localización central, non segregada, dos lugares de culto, debido a que, segundo indican algúns estudos, funcionan como «cordón sanitario» de seguridade, xurdindo así a función destes edificios como táctica ligada á prevención ambiental do delito<sup>69</sup>.

### *5.3.2. Deseño urbano*

Ademais de previsións legais referidas á planificación, existen outras normas referidas ao deseño urbano como mecanismo para previr a delincuencia e o medo á delincuencia.

#### *5.3.2.1. Vixilancia natural: a lexislación en materia de iluminación*

Unha estratexia de deseño urbano dirixida a reforzar a visibilidade e a vixilancia natural é a utilización adecuada da iluminación nocturna como elemento de seguridade pública. Neste campo destaca a Lei catalá 6/2001, do 31 de maio (desenvolvida por un recente Decreto 82/2005, do 3 de maio, en fase de aplicación), seguida pola Lei de Cantabria 6/2006, do 9 de xuño, de prevención da contaminación lumínica.

Esta lei refírese en diversas ocasións ao papel dunha correcta iluminación na seguridade, establecendo a partir disto excepcións á loita contra a contaminación lumínica —primando,



xa que logo, o seu valor de seguridade—. Ademais, esta lei obriga a que se inclúan as características e a necesidade da iluminación exterior de instalacións e vivendas en horario nocturno, e de actividades económicas, en todo caso, entre a documentación que se debe presentar para obter os permisos administrativos necesarios para poder construír (licenza de edificación) e iniciar as devanditas actividades (licenza de actividades, art. 10 e 11.3), podendo así alegar razóns de seguridade pública para solicitar as excepcións legais mencionadas.

### *5.3.2.2. Códigos técnicos de edificación*

O uso de códigos que recollen prescricións técnicas referidas á construción coa finalidade de previr a delincuencia ten unha longa tradición histórica. As normas técnicas de construción poden, por exemplo, reforzar a solidez de portas, fiestras ou do mobiliario urbano como táctica de prevención do vandalismo e a delincuencia.

No caso español, a Lei 38/1999, do 5 de novembro, de ordenación da edificación, aplicable en toda España, establece os requisitos básicos da construción, mantemento e conservación dos edificios co fin de «garantir a seguridade das persoas, o benestar da sociedade e a protección do medio natural» (art. 3), incluíndo calquera aspecto funcional «dos elementos construtivos ou das instalacións que permitan un uso satisfactorio do edificio». Esta ampla habilitación legal permitiría considerar aqueles aspectos de seguridade vinculados á prevención da delincuencia xunto a outros aspectos de seguridade física do edificio e dos ocupantes, se están previstos explicitamente pola lei (por exemplo, seguridade en caso de incendio). O regulamento que a desenvolve, aprobado recentemente, non prevé, con todo, ningunha referencia nese sentido.

### *5.3.3. Xestión urbana*

Como xa se puxo de manifesto, a xestión do espazo urbano e un mantemento axeitado deste permiten contrarrestar os signos de desorde física que expresan a ruptura da orde social e debilitan o capital social. Por iso, o urbanismo pode e debe previr este estado de cousas e o dereito pode contribuír a loxralo.

*5.3.3.1. A videovixilancia (Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, pola que se regula a utilización de videocámaras polas forzas e corpos de seguridade en lugares públicos). As lagoas legais en relación coa videovixilancia utilizada por privados*

Unha coñecida estratexia CPTED/DOC relacionada coa xestión e a vixilancia do espazo urbano é a utilización de cámaras de vídeo. Esta estratexia está adquirindo cada vez máis importancia en España nos últimos tempos, tanto no sector privado (edificios, aparcadoiros, escolas...) coma no sector público (rúas, transportes...).

A Constitución española de 1978 garante o dereito fundamental á intimidade no seu artigo 18, o cal debe interpretarse de conformidade co art. 8.2 do Convenio Europeo de Dereitos Humanos, por mandato do art. 10 da propia Constitución. Partindo deste marco constitucional, a Lei orgánica 1/1982, do 5 de maio, de protección civil do dereito ao honor, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, aplicable en toda España, outorga accións civís ante as «intromisións ilexítimas» no dereito á intimidade. A propia lei sinala que, cando a intromisión está autorizada por outra lei, non é ilexítima e, xa que logo, é legal. É o caso, precisamente, da videovixilancia, regulada pola Lei orgánica 4/1997, do 4 de agosto, aplicable en



toda España (aínda que sexa desenvolvida por algunhas comunidades autónomas mediante normativa propia, por exemplo en Cataluña, mediante o Decreto 134/1999, do 18 de maio).

A Lei orgánica 4/1997 regula a utilización de videocámaras por parte das forzas e corpos de seguridade públicos para gravar imaxes e sons en lugares públicos, abertos ou pechados, e o seu posterior tratamento, co fin de contribuír a garantir a convivencia cidadá, a erradicación da violencia, a utilización pacífica das vías e espazos públicos e a prevención de delitos, faltas e infraccións administrativas relacionadas coa seguridade pública (art. 1.1).

É preciso advertir que a lei ordenaba a aprobación de normativa específica no ámbito da seguridade privada no prazo dun ano coa finalidade de adaptar os seus principios inspiradores a ese campo. Non obstante, esta normativa aínda non foi aprobada, o que deriva na inexistencia dunha normativa completa e coherente sobre o uso da videovixilancia na seguridade privada.

En calquera caso, tanto o uso de videocámaras privadas en interiores de inmobles que alcancen a vía pública coma o uso de videocámaras privadas en lugares públicos (rúas públicas de urbanizacións, terrazas de locais na vía pública...) non aparecen amparados pola Lei orgánica 4/1997 e, xa que logo, son intromisións ilexítimas no dereito á intimidade.

Se nos concentramos agora no uso de videocámaras por parte da policía en lugares públicos, a Lei orgánica 4/1997 regula con detalle esta actividade (agás no caso do control do tráfico, onde existe un regulamento específico, baixo a inspiración, iso si, dos principios legais). O uso de videocámaras por parte da policía non é libre senón que está sometido a previa autorización administrativa (outorgada ou denegada pola autoridade competente en materia de seguridade, estatal ou autonómica, en caso de existir regulación propia, como é o caso catalán). Ademais, no procedemento administrativo de outorgamento da autorización debe intervir un órgano administrativo consultivo (a Comisión de Garantía da Videovixilancia, que recibe nomes semellantes nas comunidades autónomas con regulación propia), que emitirá informe preceptivo e vinculante (se nega a autorización ou impón condicións). A composición desta Comisión pretende garantir os dereitos dos cidadáns, posto que a preside o presidente do máximo órgano xudicial de cada comunidade autónoma (Tribunal Superior de Xustiza de cada unha delas) e a forman diversos titulares de órganos administrativos; a lei impón que non poden depender a maioría dos membros da Administración Pública que autoriza.

A lei establece principios que deben orientar sempre a toma da decisión discrecional de autorizar ou non a videovixilancia, e entre eles destaca a importancia que se lle concede ao principio de proporcionalidade. Tamén regula a información que se lles debe dar aos cidadáns acerca da existencia de videovixilancia —mediante publicidade da súa instalación—, acerca do dereito dos cidadáns a accederen ás gravacións e solicitaren a súa cancelación e acerca do prazo de destrución das gravacións.

### *5.3.3.2. As novas ordenanzas locais en materia de civismo*

Unha estratexia de xestión urbana pode ser o establecemento de regras para a conduta das persoas en espazos públicos. Nesta liña, diversos concellos españois están aprobando nos últimos tempos ordenanzas específicas contra o vandalismo e as condutas incívicas no espazo urbano (pintadas, danos ao mobiliario urbano, etc.), en desenvolvemento da autonomía municipal recoñecida pola Constitución española (art. 140) e da potestade sancionadora outorgada pola lexislación aos concellos.

#### 5.4. Avaliar e prever os riscos que pode entrañar un proxecto para as persoas e os bens

Namentres que os apartados anteriores se centraron nas estratexias e medidas contempladas no dereito español, a partir de agora ímonos a ocupar de cómo o dereito español deseña procedementos de toma de decisións urbanísticas integrando o elemento seguridade e permitindo, xa que logo, tomar en consideración tanto as estratexias xa descritas coma outras que se consideren necesarias para prever a delincuencia e o medo á delincuencia.

##### *5.4.1. Avaliación, prevención e organización administrativa: a Lei catalá 2/2004, do 4 de xuño, de mellora de barrios, áreas urbanas e vilas que requiren unha atención especial. Unha lei anti-gueto preocupada pola seguridade*

Unha primeira medida legal que integra o elemento de seguridade na toma de decisións urbanísticas consiste en incluír este aspecto na organización administrativa. Un exemplo disto témolo no ordenamento xurídico catalán, mediante a Lei 2/2004, do 4 de xuño, de mellora de barrios, áreas urbanas e vilas que requiren unha atención especial.

Desde o punto de vista da política pública, esta lei supón realizar un importante esforzo na loita contra a degradación urbana e a prol da recuperación de áreas urbanas que xa se atopan en dificultades. Está previsto que, no prazo de catro anos, se invistan máis de 800 millóns de euros en diversos barrios cataláns (decidiuse xa a quinta convocatoria), cun enfoque *transversal e integral* que permita coordinar políticas públicas en materia de urbanismo, vivenda, emprego ou asistencia social. Trátase, pois, dunha auténtica lei anti-gueto<sup>90</sup>. No ámbito da Unión Europea, o Comité das Rexións referiuse a esta norma e ao seu desenvolvemento como unha «boa práctica europea»<sup>71</sup>.

Desde o punto de vista xurídico, a lei é unha norma curta (só 12 artigos). Esta lei crea o Fondo de fomento do programa de barrios, cunha dotación anual que se establece a través de cada lei de orzamentos e que está cofinanciado pola Unión Europea. Os concellos con áreas urbanas que necesitan atención especial (definidas mediante criterios legais, entre os que se inclúe, por exemplo, unha alta concentración de poboación inmigrante extracomunitaria) poden solicitar o financiamento dos seus proxectos de renovación destas zonas urbanas. O Fondo debe financiar como mínimo o 50 % do orzamento do proxecto municipal e nunca máis do 75 %. No caso de Barcelona, xa son varios os barrios que, desde o 2004, se beneficiaron das devanditas axudas.

A decisión sobre se financiar ou non un proxecto (e decidir entre as numerosas solicitudes que se presentan) correspóndelle ao *Conseller* do Goberno catalán competente na materia, tras a proposta dunha Comisión de composición plural. Esta Comisión está composta por maioría de membros da Administración catalá e por representantes dos entes locais cataláns e de colexios profesionais de arquitectos. *Entre os representantes da Administración catalá na Comisión atópase unha persoa do Departamento de Interior, responsable dos temas de seguridade pública en Cataluña.* Dada a aproximación integral que se pretende, esta composición garante que tamén deban ser tomados en conta os aspectos de seguridade pública e prevención da delincuencia nas intervencións urbanísticas nestes barrios.

#### 5.4.2. *Avaliación, prevención e procedementos de planificación: a regulación legal dos planos informativos e da xustificación da decisión adoptada*

Os plans de urbanismo están formados por unha serie de documentos típicos esixidos polas leis de urbanismo autonómicas: planos de información e planos de ordenación; memoria descritiva e xustificativa, cos estudos complementarios que se consideren necesarios; normas urbanísticas; estudos económicos e financeiros; programa de actuación cos prazos fixados para a execución do plan. Estes documentos recollen a avaliación da situación existente, a ponderación das alternativas de regulación consideradas e a motivación das decisións finalmente adoptadas.

##### 5.4.2.1. *Os mapas de «lugares complicados» (hot spots)*

Entre os documentos que debe conter todo plan de urbanismo inclúense os planos de información e os estudos complementarios que se consideren necesarios. Nada impide que un concello poida avaliar a delincuencia que existe nas áreas urbanas que se van regular, aspecto ao que se refería a norma experimental europea aludida e agora o Informe Técnico do 2007 que substitúe a aquel (anexos A e B). É dicir, a lexislación de urbanismo vixente permitiría incluír entre os documentos dos plans de urbanismo mapas de *hot spots*, ou sexa, planos que identificasen áreas xa construídas que teñen unha porcentaxe superior á media de feitos delituosos ou de desorde, onde as persoas teñen un risco superior á media de seren vítimas destes sucesos. Así mesmo, tamén se poderían incluír avaliacións para previr a delincuencia e o medo á delincuencia en novos desenvolvementos urbanos. Algúns concellos españois están empezando a elaborar este tipo de mapas, que poden ser de grande interese para decidir os tipos de estratexias que se van desenvolver.

##### 5.4.2.2. *As memorias dos plans de urbanismo: a memoria «social»*

A lexislación de urbanismo en España esixe tamén que os plans de urbanismo conteñan unha xustificación das decisións urbanísticas adoptadas, é dicir, unha motivación, o que ten especial importancia cando se trata de regulacións discrecionais. A xurisprudencia do Tribunal Supremo español subliñou a importancia destes documentos, que están relacionados co principio constitucional de interdicción da arbitrariedade (art. 9.3 da Constitución), é dicir, coa prohibición de decisións urbanísticas irracionais ou inxustificadas. Son numerosas as sentenzas que, sobre todo a partir dos anos noventa do século pasado, controlaron e anuláron plans de urbanismo pola falta de Memoria, que é o documento esixido pola lexislación no que debe constar a motivación do plan en cuestión.

Os desenvolvementos legislativos modernos parecen avanzar no sentido de esixir tanto a ponderación de medidas de prevención da delincuencia como a xustificación e motivación da devandita ponderación. No caso catalán, desde o 2004 regulouse a necesidade de que exista unha Memoria específica e independente, chamada *Memoria Social*, que debe conter a definición dos obxectivos de produción de vivenda accesible. O regulamento da Lei de urbanismo de Cataluña, do 2006, inclúe a necesidade de avaliacións específicas en materia de seguridade pública urbana.

### *5.4.2.3. Os problemas de responsabilidade suscitados polos erros eventuais no cadro do diagnóstico de seguridade*

No caso do dereito urbanístico español, os plans de urbanismo non estiveron obrigados a avaliar os riscos de delincuencia asociados á ordenación urbanística (coa excepción catalá, aínda moi recente), aínda que si poden facelo e adoptar as medidas que consideren necesarias de forma discrecional.

En España, todo uso do solo esixe a solicitude dunha licenza previa ao concello. As licenzas de edificación, segundo reiterada xurisprudencia, son licenzas reguladas, é dicir, concédense ou denéganse automaticamente en función do establecido pola lei e o plan de urbanismo, sen marxe para a discrecionalidade administrativa. En consecuencia, se un plan incorporou elementos de seguridade na regulación urbanística, estes elementos serán obrigatorios para o solicitante da licenza, que só poderá obtela se cumpre coa devandita obrigación. E viceversa, se o plan non contempla ningunha regulación relacionada coa prevención da delincuencia, o solicitante da licenza de edificación non ten obrigación legal de cumprir ningún requisito adicional que a Administración pretenda impoñerlle, o que sería ilegal.

#### *5.4.2.3.1. Dereito a unha boa administración e procedemento administrativo*

Neste contexto, os concellos están obrigados a exercer a súa discrecionalidade urbanística cumprindo o deber constitucional de boa administración, que esixe o seguimento dun procedemento planificador adecuado que cumpra con todas as avaliacións esixidas pola lexislación.

#### *5.4.2.3.2. Discrecionalidade, anulación xudicial de decisións por non razoadas ou non razoables e responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas: análise de diversas sentenzas do Tribunal Supremo español*

No entanto, máis alá das avaliacións esixidas legalmente, os concellos non tiveron obrigación legal de tomar en consideración outros aspectos como, por exemplo, a prevención da delincuencia. É dicir, este é un aspecto que se pode considerar, pero que non se debe facer por imperativo legal (coa recente novidade catalá xa apuntada).

Que ocorrería se un plan de urbanismo, como non é infrecuente, non considerase os riscos de delincuencia e non impuxese ningunha regulación preventiva e, tras a súa aprobación, se producise un delito (por exemplo, un roubo ou unha violación) nun paso subterráneo dunha zona urbana monofuncional e mal iluminada?

A resposta a este suposto débese buscar na regulación xeral da responsabilidade patrimonial das Administracións Públicas en España, así coma na xurisprudencia do Tribunal Supremo, que interpretou todo o sistema, aínda que, que nós saibamos, non en relación directa a casos coma o que se expón.

De acordo con todos estes elementos, sería pouco probable que prosperase unha reclamación de responsabilidade nun caso semellante. Dada a non existencia de avaliación legal obrigatoria dos riscos de delincuencia, sería ben difícil soste que o dano causado (roubo ou violación) lle é imputable á Administración planificadora e que a causa do mesmo é a inactividade na previsión de riscos. A razón é que, nos casos en que existe un ámbito de valoración (discrecionalidade), coma neste suposto, a doutrina do Tribunal Supremo é negar que o seu uso poida dar lugar a responsabilidade —mesmo que se producise a anulación posterior do plan por outros motivos— se o exercicio da discrecionalidade se mantivo «dentro dun-

has marxes de apreciación non só razoadas senón razoables», suposto en que o particular vén obrigado pola norma que atribúe a discrecionalidade a soportar as consecuencias derivadas do seu exercicio, salvo que consiga demostrar a falta de racionalidade ou razoabilidade do plan neste punto (sentenza do 28 de xuño do 1999, RX 19997143/7143, sentenza do 18 de decembro do 2000, RX 2001221/221).

Un caso interesante, polo menos para efectos indiciarios, proporciónanolo a sentenza do Tribunal Supremo do 2 de novembro do 2004 (RX 2005634/634), na que se coñecía da reclamación de responsabilidade patrimonial da Administración pola morte dunha persoa a consecuencia do atentado contra un cuartel da Garda Civil. Alegábase a falta de medidas de prevención e protección suficientes para evitar o atentado (algunhas si se adoptaron, en conexión co deseño urbano: bordos máis altos e instalación de macetas ou videovixilancia). O Tribunal Supremo denega a pretensión, alegando a ruptura do nexos causal debido ao comportamento do terrorista.

Noutra esfera, no caso específico das licenzas que se precisan para edificar ou iniciar actividades económicas, xa vimos que existe unha lei pola que se require expresamente unha análise das necesidades de iluminación, que debe constar entre a documentación presentada na solicitude á Administración. Neste caso, a concesión da licenza sen comprobar a existencia da documentación obrigatoria que puidese supoñer unha deficiente iluminación que, pola súa banda, facilitase a comisión dalgún delito, podería chegar a xerar responsabilidade administrativa. Mais se a documentación existe, e dado o ámbito de valoración administrativo para apreciar a conveniencia da iluminación, debe ser de aplicación a xurisprudencia citada, aínda que non se coñece ningún caso en que tivese lugar unha reclamación deste tipo.

## Notas

- 1 O lector pode atopar unhas reflexións verbo disto en Ortiz de Urbina *et al.* (2008: 20-29).
- 2 Enténdese, polo xeral, que a prevención do delito debe vir precedida da súa explicación causal. Algúns criminólogos, porén, négano (neste sentido, véxase Felson e Clark, 1998: 193-196). Concretamente, afirman que, do mesmo xeito que ocorre na vida cotiá, en numerosas ocasións pódese operar efectivamente sobre fenómenos de cuxos procesos ou causas últimas pouco ou nada sabemos (pénsese na diferenza que existe normalmente entre o grao de comprensión que un condutor ten acerca dos procesos físicos e químicos subxacentes ao funcionamento do seu automóbil e a súa capacidade de conducilo).
- 3 Entre as disciplinas cuxas contribucións á relación entre espazo físico e delito omitiremos, destaca a xeografía. Malia que o interese dos xeógrafos polo estudo do crime é sorprendentemente recente (Hernando, 2006: 24; v. tamén Hernando, 2001: 100-109 para unha introdución aos antecedentes históricos), nos últimos anos estes presentaron un interesante conxunto de achegas, especialmente acerca do xeoposicionamento de eventos delituosos concretos: unha media dos estudos mostra que aproximadamente un 60 % dos delitos se concentran no 10 % do territorio (Eck, 2002: 242). A información sobre a distribución espacial do delito é, sen dúbida, necesaria para a elaboración de calquera política criminal baseada no territorio; no entanto, o tratamento desta perspectiva supera os límites deste artigo.

- 4 Neste sentido, González Ordovás (2000: 34 e ss.) realiza unha suxerente conexión entre o coñecido *Panóptico* de Bentham e o xurdimiento dun modelo urbano propio do capitalismo emerxente e da sociedade burguesa do século XIX, no que o control social mediante a visibilidade de edificios e espazos é importante.
- 5 Revilla i Ariet (2001: 59). Para unha semblanza biográfica de Haussman e unha explicación dos mecanismos xurídicos empregados na súa tarefa, véxase Lora-Tamayo Vallvé (2002: 21 e ss.).
- 6 Sobre as diversas influencias teóricas que hai detrás de tales proxectos, entre os que destacan, segundo Jacobs, as propostas de Le Corbusier (cidades compostas de altos edificios separados por anchas avenidas e extensas zonas verdes), véxase Jacobs (1961: 27-35).
- 7 A importancia fundamental do uso mixto é subliñada por Jacobs (1961: 23-24). As referencias á influencia do deseño ambiental na forma de vida e o desta última nos índices de delincuencia atópanse repartidas ao longo do libro, resultando significativo que o primeiro dos capítulos dedicados ao uso das rúas sexa, precisamente, o que trata da seguridade (capítulo II, pp. 39-65).
- 8 As propostas do «novo urbanismo» pódense ver na súa «Carta de principios», aprobada na cuarta reunión anual do *Congress for New Urbanism* en 1996 e dispoñible en: <http://www.cnu.org/charter> (visitado por última vez o 6 de agosto do 2008).
- 9 En inglés, CEPTED (acrónimo lixeiramente retocado de *Crime Prevention Through Environmental Design*). A denominación, non obstante, non se lle debe a Newman. En 1971, un ano antes de que este publicase a súa obra, o criminólogo C. Ray Jeffery publicou un libro titulado *Crime Prevention Through Environmental Design (A prevención do delito a través do deseño ambiental)*. No entanto, como recoñece o propio Jeffery (1999: 1), o enfoque que toma o devandito nome desenvolveuse, tanto na teoría coma na praxe, seguindo o concepto de espazo defendible promovido por Newman.
- 10 De modo simplista (aínda que ilustrativo), describiuse a contraposición entre ambos os modelos como «rúas sen saída contra rúas de paso» («*culs-de-sac*» versus *through roads*», véxase Armitage, 2007: 83). Para uha análise máis detallada das diferenzas entre un e outro enfoque, véxase Kitchen (2002: 157-163) e Armitage (2007: 87-89). Como imos ter ocasión de ver ao analizarmos a experiencia británica (*infra*, aptdo. 3.3), por desgraza non se trata dunha mera discusión teórica.
- 11 Sobre este experimento e a súa avaliación posterior, véxase DoE (1997). Acerca de Coleman e os seus avatares, véxase Colquhoun (2004: 45-51).
- 12 Este extremo, polo demais bastante evidente, é compatible tanto coa concepción de Newman coma coa de Jacobs. En canto a Newman, nas recomendacións finais do seu libro, el mesmo indicaba a súa preocupación «polo feito de que alguén extraía do noso traballo a conclusión de que o deseño arquitectónico pode ter un efecto causal directo nas interaccións sociais. A arquitectura opera máis en termos de "influencia" que de control. Pode crear un marco propicio para que se manifeste o *potencial* da preocupación mutua. Nin manipula á xente para que experimente estes sentimentos nin o pode facer, senón que permite que afloren estas actitudes mutuamente benéficas» (1972: 207). Jacobs é aínda máis expresa: «O primeiro que ten que entenderse é que a paz pública das cidades (a das súas rúas e beirarrúas) non se debe principalmente ao labor policial, por moito que esta sexa necesario. Débese principalmente a unha intrincada e case inconsciente rede de controis e estándares voluntarios entre os propios cidadáns, que tamén se encargan de facelos cumprir [...] non hai policía abonda para impoñer o civismo alí onde desapareceu a súa imposición normal e informal» (1961: 41).
- 13 Sobre o concepto de «desorganización social», a súa historia (aparece en investigacións efectuadas no período de entreguerras, alcanza o seu cenit nos anos cincuenta e sesenta e posteriormente cae en picado, para rexurdir a partir da segunda metade dos anos oitenta) e as principais críticas que recibiu e como se pode contestar a estas, véxase Bursik (1988). Aínda que son moitos os conceptos influídos pola Escola de Chicago, na actualidade o desenvolvemento máis exitoso desta perspectiva é o propugnado por Robert Sampson, criminólogo e catedrático de socioloxía de Harvard. Para unha exposición resumida das súas propostas, baseadas na noción de «eficacia colectiva», véxase Sampson (2004).
- 14 A importancia do contorno físico tamén é subliñada desde outras propostas, pero dunha maneira máis concreta: especúlase acerca de que a deterioración física do espazo pode contribuír a difundir unha sensación de impunidade que se traduca, posteriormente, na comisión de delitos. A versión máis famosa deste tipo de concepcións (habitualmente denominadas «teses das incivildades») é a das «fiestas rotas» (Wilson e Kelling, 1982). En xeral, sobre as «teses das incivildades» e a evidencia empírica destas, que mostra que a deterioración física non é por si soa un bo predictor do delito, aínda que si do medo ao delito, véxase Taylor (2001: 93-131; 2005: *passim*).
- 15 Para unha presentación exhaustiva dos postulados desta teoría, véxase Clarke e Cornish (2001). O enfoque ten a súa orixe contemporánea na constatación de que os cambios nas instalacións de gas acaecidos en Inglaterra nos anos setenta do século pasado, ao dificultaren o suicidio por inhalación de gas (unha modalidade particularmente «suave» de suicidio), incidiron de forma importante nas taxas globais (véxase Felson e Clarke, 1998: 207-208).
- 16 A teoría das actividades rutineiras ten a súa orixe nun artigo de Cohen e Felson (1979). Posteriormente, o propio Felson seguiu a desenvolver a teoría nas sucesivas edicións do seu xa clásico *Crime and Everyday Life (O delito e a vida cotiá)*. Para unha boa exposición desta teoría, que adoita ser inxustificadamente simplificada nas presentacións que dela se fan, véxase Serrano Maillo (2006: 289-294).
- 17 A adecuación descritiva da teoría das actividades rutineiras é admitida incluso por aqueles criminólogos que se mostran críticos coas súas propostas de intervención. Véxase, por exemplo, Garland (2001 126-131).
- 18 Impulsada polos estudos do matrimonio Brantingham. Para unha excelente exposición das súas propostas, véxase Brantingham e Brantingham (1993: *passim*). Para un resumo dos puntos máis esenciais, véxase Felson e Clarke (1998: 199-200).
- 19 Nun coñecido metaestudo, Hesseling (1994) analizou 55 investigacións sobre desprazamento, chegando á conclusión de que en 22 delas non se produciu desprazamento ningún, e que en ningún dos casos nos que existiu foi completo. Véxase tamén, no mesmo sentido e con ulteriores referencias, Stangeland e Garrido (2004: 43); Taylor (2002: 417); Clarke (1997: 28-33).
- 20 Convén subliñar que, a diferenza dos modelos de elección racional utilizados pola corrente maioritaria da economía contemporánea, os criminólogos partidarios do enfoque da elección racional utilizan supostos de racionalidade limitada e non perfecta (sobre esta diferenza, véxase Clarke e Cornish, 2001: 25, 38-39). Deste xeito, non se espera que o delincuente efectúe un cálculo instantáneo e perfecto dos custos e beneficios da situación, senón que *grosso modo* adapte a súa conduta á nova relación de custos (probabilidade de ser

- sancionado multiplicada pola magnitude da sanción) e beneficios (probabilidade de se beneficiar do delito). Exactamente da mesma maneira ca o resto de cidadáns, cos mesmos problemas e deficiencias.
- 21 A rapidez coa que se producen os seus efectos é un aspecto no que insisten os partidarios da prevención situacional do delito (véxase Felson e Clarke, 1998: 195-196; Newman, 1995: 152). Os seus críticos, pola contra, entenden que ofrece unha falsa promesa de efectividade que, centrándose en epifenómenos, impide atender ás verdadeiras causas do delito.
- 22 A investigación empírica conclúe que os dous efectos se dan ao mesmo tempo, aínda que hai un dato que fai pensar que prevalece o segundo: nas zonas onde as melloras na iluminación conseguen reducir a delincuencia, fano tanto de noite coma de día. Como a iluminación non funciona de día, este segundo efecto é atribuíble a unha mellora nas condicións físicas e de convivencia do espazo. (Farrington e Welsh, 2002: 336-337).
- 23 Seguimos a clasificación proposta por Katyal (2002: 1048-1070). Outros autores inclúen máis elementos. Así, por exemplo, Cozens, Saville e Hillier (2005: 330-339) inclúen, ademais da vixilancia, a territorialidade e a protección do obxecto do delito, o control de accesos, a imaxe/o mantemento do lugar e o apoio ás actividades. Entendemos, emporiso, que estes tres elementos se poden reconducir cara a algún dos catro que imos examinar.
- 24 Neste sentido, a prevención do delito mediante o deseño ambiental diferencia entre a vixilancia *natural ou informal*, que levan a cabo os propios veciños ou calquera cidadán, a *formal*, que lles corresponde ás autoridades ou aos servizos de seguridade privada contratados con ese fin, ou a *mecánica*, categoría na que se inclúe a video-vixilancia (e en ocasións, de maneira máis discutible, a iluminación pública: véxase Cozens, Saville e Hillier, 2005: 331).
- 25 Concretamente, as casas con seis ou máis vivendas por planta case duplicaban os índices de criminalidade das casas con entre dúas e cinco vivendas por planta (Newman, 1971: 69).
- 26 «El concepto de *eficacia colectiva* de los barrios captura el vínculo entre cohesión —especialmente confianza (*working trust*)— y expectativas compartidas de acción. De la misma manera que la eficacia personal es un concepto situacional (uno tiene eficacia en relación a una tarea determinada), la eficacia de un barrio existe en relación a tareas concretas, como la de mantener el orden. El mecanismo causal clave en la teoría de la eficacia colectiva es el control social que se desarrolla en condiciones de confianza social» (Sampson, 2004: 238).
- 27 Véxase Sampson (2004: 239): «Si se controla por toda una serie de características individuales y vecinales, incluyendo la pobreza y la densidad de los vínculos de amistad, la eficacia colectiva predice directamente índices más bajos de violencia».
- 28 A este respecto, e refiriéndose aos EUA e ao Reino Unido, véxase Sampson (2004: 237-238). Para Inglaterra, véxase A. Berube: *Mixed Communities in England*, 2005, especialmente pp. 22-24 (dispoñible en <http://www.jrf.org.uk/bookshop/eBooks/1859353649.pdf>; consultado por última vez o 6 de agosto do 2008). Para Holanda, v. The Netherlands Council for Social Development (RMO): *Unity, Diversity and Ties*, 2005, especialmente p. 30 (disponible en <http://www.adviesorgaanrmo.nl/downloads/standard/Vertaling%20def.pdf>, consultado por última vez o 6 de agosto do 2008).
- 29 Respecto disto, véxase Ponce (2002).
- 30 Como se advertiu *supra*, nota 14, esta é só unha parte da tese «*broken windows*». Algúns dos desenvolvementos máis problemáticos desta tese son estudados en Ortiz de Urbina *et al.* (2008: 30-40).
- 31 Sobre estes problemas, véxase Katyal (2002: 1.084-1085) e Wilson-Doenges (2000: 600-601).
- 32 CPTED e DOC son os acrónimos ingleses de *Crime Prevention Through Environmental Design* e *Designing Out Crime*, respectivamente.
- 33 Sánchez Morón (2005: 630) inclúe os estándares entre os fenómenos de autorregulación que integrarían unha das manifestacións do que el chama a actividade administrativa de ordenación control, herdeira moderna da tradicional actividade da policía.
- 34 Concretamente, o CEN/TR 14383-6 (Prevención da delincuencia – Planificación urbanística e deseño da edificación – Parte 6: escolas), o prCEN/TR 14383-7 (Prevención da delincuencia – Planificación urbanística e deseño da edificación – Parte 7: Deseño e xestión de equipamentos de transporte público) e o prCEN/TS 14383-5 (Prevención da delincuencia – Planificación urbanística e deseño – Parte 5: estacións de servizo). Pódese consultar o seu estado de tramitación (ben a súa publicación ou o proceso de tramitación) en: <http://www.cen.eu> (última consulta: 21 de setembro do 2008). Nota do autor: Os títulos de todos os documentos aludidos no texto e nesta nota ao pé foron traducidos directamente do inglés.
- 35 Tal e como se indica, os estándares son orientativos e a súa difusión dependerá en gran medida do xogo do mercado. Unha posibilidade ulterior de incentivo deste tipo de medidas vería dada pola esixencia, no caso de proxectos urbanísticos a grande escala, dun «informe de impacto delituoso», semellante ao actual «informe de impacto ambiental». Sobre esta posibilidade, anunciada por Katyal (2002: 1101-1102), véxase Olasky (2004: 348-357), quen propón que os devanditos informes, que deben ser presentados polos particulares, sexan preceptivos pero non vinculantes.
- 36 Tocante ao resto do mundo, cómpre salientar a experiencia neocelandesa: unha enquisa elaborada no 2007 mostrou como a principios dese ano, un 44% dos municipios neocelandeses estaban a aplicar ou aplicarían medidas deste tipo (McCauley e Opie, 2007: 8). As directrices, de ámbito nacional e elaboradas en novembro do 2005 polo Ministerio de Xustiza, pódense consultar en <http://www.justice.govt.nz/pubs/reports/2005/cpted-part-1/index.html> (visitado por última vez o 6 de agosto do 2008).
- 37 O lector atopará precisións posteriores en Van Soomeren (2001: 290-296) e en Colquhoun (2004: 212-219).
- 38 O «patrón» é a solución a cada un deses problemas de deseño. Así, por exemplo, o patrón número 22 refírese á superficie que se lle debe dedicar ao estacionamento de vehículos. O problema vén dado polos efectos nocivos da concentración de espazo dedicado a tal fin, e a solución que se propón é dedicarlle ao estacionamento non máis dun 9 % da superficie dunha localidade (para evitar comportamentos estratéxicos, engádesse que as localidades con grandes superficies se deben dividir en bloques de 10 hectáreas e aplicar a regra a cada unha destas divisións).
- 39 No caso de vivendas, edificios ou barrios xa existentes, a certificación pódela pedir o propietario, asociacións veciñais ou autoridades locais (Van Soomeren, 2001: 294).



- 40 En palabras de Van Soomeren (2001: 292): «A fin de contas, é o cliente quen lles debe esixir seguridade aos arquitectos e aos planificadores urbanísticos. A nova certificación só axuda a formular estas esixencias dun modo máis claro e controlable. Neste sentido, a certificación da policía é só un xeito de mellorar a comunicación entre os clientes e os arquitectos e planificadores».
- 41 Por este motivo, hai que pensar na posibilidade de outorgar certificacións temporais renovables. Neste sentido, refíndose ao sistema inglés, véxase Cozens, Pascoe e Hillier (2004: 20).
- 42 Como é habitual nos países anglosaxóns, o lector pode profundar no funcionamento do programa consultando directamente a súa páxina web: <http://www.securedbydesign.com/index.aspx> (consultada por última vez o 6 de agosto do 2008). Para unha análise desde a teoría da prevención do delito mediante o deseño ambiental, véxase Colquhoun (2004: 202-212).
- 43 Na páxina web do Home Office especificáase que o anterior «quere dicir que as portas e fiestras cumpren cuns requisitos mínimos e que a planificación en cuestión ten en conta as indicacións relativas á vixilancia natural e ao espazo defendible» (véxase <http://www.crimere-reduction.homeoffice.gov.uk/securedesign/securedesign8.htm>, consultado o 6 de agosto do 2008). Como puxeron de manifesto Cozens, Pascoe e Hillier (2004: 19), namentres que as precisións sobre os elementos físicos son claras e as relativas á vixilancia natural apenas se poden considerar polémicas (canto máis se vexa, mellor), o programa *Secured by Design* non ofrece unha definición, nin sequer a aproximada, do concepto de «espazo defendible», claramente máis complexo e suxeito a interpretacións diverxentes.
- 44 A lista actualizada pódese ver en <http://www.securedbydesign.com/companies/index.aspx> (consultado por última vez o 6 de agosto do 2008).
- 45 En 1999 e no 2000 publicáronse tres avaliacións distintas dos efectos do programa, todas elas con resultado positivo e con reducións da probabilidade de vitimización de entre un 25 % e un 60 % (véxase Cozens, Pascoe e Hillier, 2004: *passim*, especialmente 17-18). Aínda que as investigacións *ad hoc* sobre o programa non son moitas, a confianza na validez dos resultados vese reforzada polo feito de que os diferentes principios nos que se basea recibiron un grande apoio empírico noutros estudos; véxase Armitage (2007: 87-88).
- 46 Calcúlase que entre 1989 e 1996 só un 3 % das obras novas seguiron os principios do programa *Secured by Design*. Así mesmo, estímase que só un 10 % das solicitudes de avaliación proceden do sector privado (Cozens, Pascoe e Hillier, 2004: 18).
- 47 O *Planning Inspectorate* (organismo do Goberno do Reino Unido encargado de revisar as decisións dos órganos locais en materia de Planificación) mostrouse contrario —ou polo menos indiferente— á utilización de argumentos preventivos como parámetros na toma de decisión. Para unha descrición e crítica da situación, véxase Moss (2001: *passim*). Véxase tamén a nota seguinte.
- 48 Algúns autores criticaron a non inclusión do Goberno central e dos particulares; véxase Armitage (2007: 84). A non inclusión do Goberno central entre os destinatarios das obrigas do art. 17 é a causa de que o *Planning Inspectorate* non se considere vinculado polas consideracións preventivas.
- 49 O mesmo estudo mostra as importantes dificultades experimentadas polos *Architectural Liaison Officers* no exercicio da súa actividade, incluíndo falta de preparación e escaso contacto con outros axentes que realizan o seu mesmo traballo; véxase Everson e Woodhouse (2007: 116-120) (2007: 116-120).
- 50 Sobre as diferenzas entre ambos enfoques, véxase *supra*, nota 10 e texto que acompaña.
- 51 Safer Homes (2004: 14, véxase tamén pp. 8, 45-51 e 87-90).
- 52 As características referidas son: a) Acceso e movemento; b) Estrutura; c) Vixilancia; d) Propiedade (definida como «lugares que promoven un sentimento de propiedade, respecto, responsabilidade territorial e comunidade»); e) Protección física (definida de forma equivalente ás medidas de protección do obxecto do delito analizadas *supra*, aptdo. 2.4); f) Actividade; g) Xestión e mantemento.
- 53 Sobre as *checklist* lexislativas, véxase os traballos non superados de Martín Casals (1989 e 1991).
- 54 Considerando só os custos dos delitos contra a propiedade, a avaliación do esquema *Secured by Design*, levada a cabo polo Home Office británico no 2000, concluíu que os custos de construción ascenden a 440 libras esterlinas e se vían compensados pola redución na probabilidade de ser vítima dun roubo nun prazo de seis anos. Máis recentemente, a *Association of British Insurers* (Asociación de Aseguradores Británicos) realizou un estudo independente que, considerando tamén exclusivamente a redución no número de roubos e operando cun horizonte de tempo máis afastado (20 anos), conclúe que as medidas de prevención adoptadas seguindo este esquema ascenderían, máis ou menos, a 630 libras por casa e lograrían un aforro (debido á redución do número de roubos) de 1173 libras, xerando unha ganancia neta de 543 libras (ABI 2006: 19; os supostos e estimacións da análise custo-beneficio atópanse no anexo A). Tamén as medidas de mellora da iluminación superan a análise custo-beneficio, aínda que a evidencia se basea nun número reducido de estudos (véxase Farrington e Welsh, 2002: 333).
- 55 Nas organizacións policiais, a socialización e a enculturación —na cultura policial— teñen un peso decisivo, superior ao da formación regulamentada. A este respecto, véxase Torrente (1997: 41-62).
- 56 Acerca deste tema, véxase *supra*, nota 49. Ademais, sinalouse que o período de instrución inicial dos *Architecture Liaison Officers*, de tan só dúas semanas, resulta insuficiente, dependendo a formación ulterior, na maior parte dos casos, do interese persoal (Cozens, Pascoe e Hillier, 2004: 23).
- 57 Como se viu, insístese en que as medidas non deben resultar agresivas ou promover o medo. Pero trátase dun límite comumente admitido e, polo tanto, non supón ningunha polémica teórica.
- 58 A este respecto, véxase a excelente análise de García España (2005), que pon de manifesto que o aumento foi maior nas infraccións menos graves (faltas) ca nas máis graves (delitos).
- 59 Segundo os datos oficiais do Ministerio do Interior, en 1990 había en España 33 035 presos. En xuño do 2008, a cifra subira a 71 199 (véxase [http://www.mir.es/INSTPEN/INSTPENI/Gestion/Estadisticas\\_mensuales/2008/06/distribucion\\_de\\_la\\_poblacion\\_reclusa\\_por\\_sexo.html](http://www.mir.es/INSTPEN/INSTPENI/Gestion/Estadisticas_mensuales/2008/06/distribucion_de_la_poblacion_reclusa_por_sexo.html), consultada por última vez o 21 de setembro do 2008).
- 60 Os estudos empíricos, porén, indican que a caída da delincuencia nestas comunidades é só inicial e non se sostén ao longo do tempo (Taylor 2002: 416). Nunha interesante investigación empírica que compara, por unha banda, comunidades abertas e pechadas de clase



- alta e, por outra, comunidades abertas e pechadas de clase baixa, Wilson-Doenges (2000) puido concluír que na comunidade pechada de clase alta o medo ao delito era menor, pero a súa probabilidade real era a mesma ca na comunidade aberta de clase alta (adicionalmente, o sentimento de comunidade tamén era menor na comunidade pechada); nas comunidades de clase baixa, os niveis de medo ao delito, delincuencia real e sentimento de comunidade eran iguais en ambas as comunidades.
- 61 Sobre estes fenómenos en xeral, véxase Ponce Solé (2004). Sobre as urbanizacións pechadas en Madrid, véxase Canosa Zamora (2002).
- 62 Ministerio de Fomento, *La desigualdad urbana en España*, 2000, consultable en: <http://habitat.aq.upm.es/duel/>; Ponce Solé (2005a), consultable en: [http://www.bcn2000.es/ca-es/9\\_lista\\_descargas/descargas.aspx#dioma=Ca-Es&\\_gldContexto=2](http://www.bcn2000.es/ca-es/9_lista_descargas/descargas.aspx#dioma=Ca-Es&_gldContexto=2).
- 63 González Enríquez e Álvarez-Miranda (2006), consultable en: <http://www.tt.mtas.es/periodico/inmigracion/200603/INMIGRANTES.pdf>; Hirschfield e Bowers (1997).
- 64 Ponce Solé (2005b); Ball, Brouant e Ponce (2006).
- 65 Departament de Política Territorial i Obres Públiques, Generalitat de Catalunya (2006).
- 66 Ponce Solé (2002).
- 67 Le Louarn (2002).
- 68 Acrónimo da expresión inglesa «*not in my backyard*» (literalmente, «non no meu patio traseiro»), en ciencia política a expresión NIMBY ou SPAN («si pero non aquí») utilízase para referirse ao problema de acción colectiva que supón a oposición dunha comunidade á instalación no seu ámbito territorial dun servizo social, aínda cando a súa existencia se reconece como necesaria. Os exemplos clásicos inclúen a resistencia á localización na comunidade de comisarías, prisións ou centros de deshabitación de adiccións. No caso das mesquitas, aínda que non se trata dun servizo social en sentido estrito, subsiste a estrutura NIMBY en canto que a maioría dos que se opoñen á edificación de mesquitas na súa contorna territorial non se opón á súa construción en xeral, senón a que esta teña lugar na súa veciñanza en concreto.
- 69 Ponce Solé (2005); Katyal (2002: 1109).
- 70 Muñoz (2006). Véxase a páxina correspondente do Goberno catalán: <http://www10.gencat.net/ptop/AppJava/es/arees/ciutat/barris/index.jsp> (última consulta efectuada: 21 de setembro do 2008).
- 71 Ditame do Comité das Rexións «Política de vivenda e política rexional» de febreiro do 2007 (consultable en: <http://www.europarl.europa.eu/sides/getDoc.do?pubRef=-//EP//NONSGML+REPORT+A6-2007-0090+0+DOC+PDF+V0//ES>) (última consulta efectuada: 22 de setembro do 2008): «Enfoque integrado e iniciativas rexionais. Exemplo 8: “Barrios en crisis” en Cataluña. Este programa está cofinanciado polo FEDER, a Generalitat de Cataluña e os entes locais participantes. O seu obxectivo é afrontar os problemas estruturais de determinados barrios deteriorados que se detectaron na rexión, pero, sobre todo, de antigos centros urbanos, urbanizacións e distritos marxinais de vivendas non planificadas. Os problemas abordados son as deficiencias no ordenamento urbano, a escaseza de estruturas económicas e comerciais e os problemas sociais (envellecemento, niveis de renda baixos, baixo nivel educativo, diminución do número de habitantes e elevadas concentracións de grupos con necesidades especiais)».

## BIBLIOGRAFÍA

- ABI (Association of British Insurers): *Securing the Nation. The Case for Safer Homes*. 2006. Disponible en <http://www.abi.org.uk/BookShop/ResearchReports/Securing%20the%20Nation%20July%202006.pdf>, 06-08-2008.
- ARMITAGE, R. 2007. «Sustainability versus Safety: Confusion, Conflict and Contradiction in Designing Out Crime», en Farrell et al. (eds.). *Imagination for Crime Prevention. Essays in Honour of Ken Pease*. Monsey, Nova York: Criminal Justice/Cullompton, Reino Unido: Willan Publishing (81-110).
- BALL, J., J. P. Brouant, J. Ponce. 2006. «Le Droit au logement est-il soluble dans la territorialisation?», en *Mélanges en l'Honneur de Henri Jacquot*. Orléans: Presses Universitaires d'Orléans (105 y ss.).
- BAUZA MARTORELL, F. J. 2004. *Régimen Jurídico de la Videovigilancia*. Madrid: Marcial Pons.
- BRANTINGHAM, P. L. e P. J. Brantingham. 1993. «Environment, Routine, and Situation: Toward a Pattern Theory of Crime», en R. V. Clarke y M. Felson (eds.). *Routine Activity and Rational Choice*. New Brunswick: Transaction Publishers (259-294).
- BURSIK, R. J. Jr. 1988. «Social Disorganization and Theories of Crime and Delinquency: Problems and Prospects», *Criminology*, 26 (519-551).
- CANOSA ZAMORA, E. 2002. «Las urbanizaciones cerradas de lujo en Madrid: una nueva fórmula de propiedad y de organización territorial», *Ciudad y Territorio. Estudios Territoriales*, XXXIV (133-134).
- CLARKE, R. V. 1997. «Introduction», en R. V. Clarke (ed.). *Situational Crime Prevention: Successful Case Studies*. 2.ª ed. Nova York: Harrow and Heston (1-43).
- 1998. *The Theory of Crime Prevention through Environmental Design*. Disponible en [http://www.e-docs.eu/docs/Crime\\_Prevention\\_TEDtheory.pdf](http://www.e-docs.eu/docs/Crime_Prevention_TEDtheory.pdf), 06-08-2008.
- CLARKE, R. V. e D. B. Cornish. 2001. «Rational Choice», en R. Paternoster e R. Bachman (eds.). *Explaining Criminals and Crime. Essays in Contemporary Criminological Theory*. Los Ángeles: Roxbury Publishing (23-42).
- COHEN, L. E. e M. Felson. 1979. «Social Change and Crime Rate Trends: A Routine Activity Approach», *American Sociological Review*, vol. 44 (588-608).
- COLEMAN, A. 1985. *Utopia on Trial: Vision and reality in planned housing*. Londres: Hilary Shipman.
- COZENS, P. M., G. Saville, D. Hillier. 2005. «Crime Prevention Through Environmental Design (CTPED): A Review and Modern Bibliography», *Property Management*, vol. 23, n.º 5 (328-356).
- CURBET, J. 2005. «La ciutat, hàbitat de la (in) seguretat», en VV. AA. *Informe 2005 de l'Observatori del Risc*. Barcelona: IES (26 e ss.).
- DEPARTAMENT DE POLÍTICA TERRITORIAL I OBRES PÚBLIQUES, GENERALITAT DE CATALUNYA. 2006. *Planejament Territorial. Criteris*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- DEPARTAMENT DE MEDI AMBIENT I HABITATGE, GENERALITAT DE CATALUNYA. *Catalunya 2005 Informe sobre medi ambient i desenvolupament sostenible*. Disponible en [http://mediambient.gencat.net/cat/ciudadans/informacio\\_ambiental/estat\\_del\\_medio/Catalunya2005Informesobremediambientdesenvolupamentsostenible.jsp](http://mediambient.gencat.net/cat/ciudadans/informacio_ambiental/estat_del_medio/Catalunya2005Informesobremediambientdesenvolupamentsostenible.jsp).
- DELGADO BARRIO, J. 1993. *El control de la discrecionalidad del planeamiento urbanístico*. Madrid: Civitas.
- DEPARTAMENT DE POLÍTICA TERRITORIAL I OBRES PÚBLIQUES, GENERALITAT DE CATALUNYA. 2006. *Planejament Territorial. Criteris*. Barcelona: Generalitat de Catalunya.
- DOE (Department of the Environment). 1997. *An Evaluation of DICE Schemes*. Regeneration Research Summary, n.º 11. Londres: DoE. Disponible en <http://www.communities.gov.uk/archived/general-content/citiesandregions/221449/>, 01-02-2008.
- ECK, J. E. 2002. «Preventing Crime at Places», en Sherman et al. *Evidence-Based Crime Prevention*. Londres/Nova York: Routledge (241-294).
- EVERSON, S. e P. F. Woodhouse. 2007. «Has Section 17 of the U.K.'s Crime and Disorder Act 1998 Been Effective?», en Farrell et al. (eds.) *Imagination for Crime Prevention. Essays in Honour of Ken Pease*. Monsey, Nova York: Criminal Justice Press/Cullompton, Reino Unido: Willan Publishing (111-131).

- FARRINGTON, D. P. y B. C. Welsh. 2002. «Improved Street Lighting and Crime Prevention», *Justice Quarterly*, 19 (313-342).
- FELSON, M. 2002. *Crime and Everyday Life*. 3.<sup>a</sup> ed. Thousand Oaks: Sage.
- FELSON, M. e R. V. Clarke. 2008. «La ocasión hace al ladrón. Teoría práctica para la prevención del delito», en Í. Ortiz de Urbina e J. Ponce (eds.). *Convivencia ciudadana, seguridad pública y urbanismo. Diez textos fundamentales del panorama internacional*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local/Deputación de Barcelona (193-234) (trad. do orixinal inglés de 1998, data pola que se cita no texto).
- GARLAND, D. 2001. *The Culture of Control*. Chicago: Chicago University Press.
- GONZÁLEZ ENRÍQUEZ, C. e B. Álvarez-Miranda. 2006. *Inmigrantes en el barrio*. Madrid: Ministerio de Trabajo e Asuntos Sociais. Disponible en <http://www.tt.mtas.es/periodico/inmigracion/200603/INMIGRANTES.pdf>.
- GONZÁLEZ ORDOVÁS, M. J. 2000. *Políticas y estrategias urbanas*. Madrid: Editorial Fundamentos.
- GONZÁLEZ-VARAS IBÁÑEZ, S. 1997. «El desarrollo de una idea de colaboración en el Derecho administrativo, con el ejemplo de la seguridad privada y otros», *REDA*, n.º 94 (203 e ss.).
- HERNANDO SANZ, F. 2001. *Espacio y delincuencia*. Madrid: Consejo Económico y Social.
- 2006. «Ecléctico y Diversidad en la Geografía del Crimen y la Delincuencia en el Cambio de Siglo», *Anales de Geografía*, vol. 26 (9-30).
- HESSELING, R. B. P. 1994. «Displacement: A Review of the Empirical Literature», en R. V. Clarke (ed.). *Crime Prevention Studies*, vol. 3. Monsey, Nova York: Criminal Justice Press (197-230).
- HIRSCHFIELD, A. e K. Bowers. 1997. «The Effect of Social Cohesion on Levels of Recorded Crimes in Disadvantaged Areas», *Urban Studies*, vol. 34, n.º 8 (1275-1295).
- IZQUIERDO CARRASCO, M. 2004. *La seguridad privada: régimen jurídico-administrativo*. Valladolid: Lex Nova.
- JACOBS, J. 1965. *The Death and Life of Great American Cities*. Middlesex: Penguin. (reedición do orixinal, de 1961, data pola que se cita no texto).
- JEFFERY, C. R. 1971. *Crime Prevention Through Environmental Design*. Beverly Hills: Sage.
- 1999. *CPTED: Past, Present, and Future*. Documento presentado na cuarta reunión da *International CPTED Association* en Mississauga, Ontario, Canadá, en 1999. Disponible en <http://www.cpted.net/resources/CRay.pdf>, 06-08-2008.
- JORDANA DE POZAS, L. 1949. «Ensayo de una teoría del fomento en el Derecho administrativo», *Revista de estudios políticos*, n.º 48 (41-54).
- KITCHEN, T. 2002. «Crime Prevention and the British Planning System: New Responsibilities and Older Challenges», *Planning Theory & Practice*, vol. 3 (155-172).
- KATYAL, N. K. 2002. «Architecture as Crime Control», *Yale Law Journal*, vol. 111 (1039-1142).
- LE LOUARN, P. 2002. «Las ciudades privatizadas o la impotencia del Derecho», *Ciudad y Territorio, Estudios Territoriales*, XXXIV (133-134) (529 e ss.).
- LORA-TAMAYO VALLVÉ, M. 2002. *Urbanismo de obra pública y derecho a urbanizar*. Barcelona: Marcial Pons.
- MARTÍN CASALS, M. 1989. «La técnica de las Checklisten», en GRETEL (*Grupo de Estudios de Técnica Legislativa*): *Curso de Técnica Legislativa*. Madrid: Centro de Estudios Constitucionales (253-290).
- 1991. «Técnica normativa: las directrices», en VV. AA. *Técnica Normativa de las Comunidades Autónomas*. Madrid: Imprenta de la Comunidad de Madrid (103-127).
- MCCAULEY, L. e A. Opie. 2007. *Research About the Use of Crime Prevention Through Environmental Design (CPTED) by Local Authorities in New Zealand*. Nova Celandá: Ministry of Justice/Local Government. Disponible en [http://www.lgnz.co.nz/library/files/store\\_015/cpted.pdf](http://www.lgnz.co.nz/library/files/store_015/cpted.pdf), 06-08-2008).
- MERRY, S. 1981. «Defensible Space Undefined: Social Factors in Crime Prevention Through Environmental Design», *Urban Affairs Quarterly*, vol. 16 (397-422).
- MINISTERIO DE FOMENTO. 2000. *La desigualdad urbana en España*. Disponible en <http://habitat.aq.upm.es/duel/>.
- MOSS, K. 2001. «Crime Prevention v Planning: Section 17 of the Crime and Disorder Act 1998. Is it a Material Consideration?», *Crime Prevention and Community Safety: An International Journal*, 3(2) (43-48).

- MUÑOZ, F. 2006. «Fer ciutat, construir territori: la Llei de Barris», *Activitat Parlamentària*, n.º 8/9, marzo 2006, (59 e ss.).
- NEWMAN, O. 1972. *Defensible Space: Crime Prevention Through Urban Design*. Nova York: MacMillan.
- 1995. «Defensible Space: a new physical planning tool for urban revitalization», *Journal of the American Planning Association*, vol. 61 (149-155).
- OLASKY, P. 2004. «Crime Impact Statements», *Columbia Journal of Law and Social Problems*, vol. 37 (329-358).
- ORTIZ DE URBINA, Í., M. Pareja, J. Ponce, D. Sibina. 2008. «Estudio Preliminar», en Í. Ortiz de Urbina e J. Ponce (eds.). *Convivencia ciudadana, seguridad pública y urbanismo. Diez textos fundamentales del panorama internacional*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local/Deputación de Barcelona (11-68).
- PONCE SOLÉ, J. 1996. *Discrecionalidad urbanística y Autonomía municipal*. Madrid: Civitas (173 e ss.).
- 2001. *Deber de buena administración y derecho al procedimiento administrativo debido. Las bases constitucionales del ejercicio de la discrecionalidad y del procedimiento administrativo*. Valladolid: Lex Nova.
- 2002. *Poder Local y Guetos Urbanos. Las relaciones entre el Derecho urbanístico, la segregación espacial y la sostenibilidad social*. Madrid: INAP.
- 2004. «Solidaridad, cohesión social y derecho público: a propósito de las reservas legales de vivienda protegida como instrumento de desarrollo urbanístico sostenible», en VV. AA. *Diversidad y convivencia en las ciudades*. Barcelona: UIM/F. Carles Pi i Sunyer/CEMCI (157-221).
- 2005a. *Urbanisme, habitatge i cohesió social*. Barcelona: Pla Estratègic Metropolità. Disponible en [http://www.bcn2000.es/ca-es/9\\_lista\\_descargas/descargas.aspx?idioma=Ca-Es&\\_gldContexto=2](http://www.bcn2000.es/ca-es/9_lista_descargas/descargas.aspx?idioma=Ca-Es&_gldContexto=2).
- 2005b. «Algunas reflexiones sobre la competencia en materia de vivienda y las tendencias actuales en su ejercicio», en VV. AA., *Informe Comunidades Autónomas 2004*. Barcelona: Instituto de Derecho Público (800-819).
- 2005c. «Una reflexión desde el derecho urbanístico sobre las modernas sociedades pluriculturales y pluriconfesiones», *Revista de Derecho Urbanístico y Medio Ambiente*, n.º 215, xaneiro-febreiro 2005, (11-67).
- REVILLA I ARIET, R. 2001. *El Dret urbanístic de Catalunya*. Valencia: Tirant Lo Blanch.
- SAMPSON, R. 2008. «Vecindario y comunidad: eficacia colectiva y seguridad ciudadana», en Í. Ortiz de Urbina e J. Ponce (eds.). *Convivencia ciudadana, seguridad pública y urbanismo. Diez textos fundamentales del panorama internacional*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local/Deputación de Barcelona (235-247) (trad. do orixinal inglés do 2004, data pola que se cita no texto).
- SÁNCHEZ MORON, M. 2005. *Derecho Administrativo. Parte General*. Madrid: Tecnos.
- SAVILLE, G. e G. Cleveland. 1997. *2nd Generation CPTED: An Antidote to the Social Y2K Virus of Urban Design*. Disponible en <http://www.cpted.net/resources/schools.pdf>, 06-08-2008.
- SERRANO MAÍLLO, A. 2006. *Introducción a la criminología*. 4.ª ed. Madrid: Dykinson.
- SORIANO-MONTAGUT, L. 2006. «Coordinación entre la ordenación territorial, la urbanística y la del sistema de seguridad pública en Cataluña». Presentación no II Taller de formación CIFAL. Barcelona, 8 de marzo do 2006.
- STANGELAND, P. e M. J. Garrido de los Santos. 2004. *El mapa del crimen*. Valencia: Tirant Lo Blanch/IAIC.
- TAYLOR, R. B. 2001. *Breaking Away from Broken Windows*. Colorado: Westview.
- 2002. «Crime Prevention through Environmental Design (CPTED): Yes, No, Maybe, Unknowable, and All of the Above», en R. B. Bechtel e A. Churchman (eds.). *Handbook of Environmental Psychology*. Nova York: Wiley (413-426).
- 2008. «La tesis de las incivildades o de las "ventanas rotas"», en Í. Ortiz de Urbina e J. Ponce (eds.). *Convivencia ciudadana, seguridad pública y urbanismo. Diez textos fundamentales del panorama internacional*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local/Deputación de Barcelona (261-272) (aparecido orixinalmente no 2005, data pola que se cita no texto).
- TAYLOR, R. B. e A. V. Harrell. 1996. *Physical Environment and Crime*. Disponible en <http://www.ncjrs.gov/pdffiles/physenv.pdf>, 06-08-2008.
- TORRENTE, D. 1997. *La sociedad policial. Poder, trabajo y cultura en una organización local de policía*. Madrid: Centro de Investigaciones Sociológicas/Universitat de Barcelona.

- WILSON, J. Q. e G. L. Kelling. 2008. «Ventanas rotas: la policía y la seguridad vecinal», en Í. Ortiz de Urbina e J. Ponce Solé (eds.). *Convivencia ciudadana, seguridad pública y urbanismo. Diez textos fundamentales del panorama internacional*. Barcelona: Fundación Democracia y Gobierno Local/Deputación de Barcelona (307-325) (aparecido orixinalmente en 1982, data pola que se cita no texto).
- WILSON-DOENGES, G. 2000. «An Exploration of Sense of Community and Fear of Crime in Gated Communities», *Environment and Behavior*, 32(5) (597-611).
- ZIEGLER, E. H. 2007. «American Cities, Urban Planning, and Place-Based Crime Prevention», *The Urban Lawyer*, vol. 39 (859-875).